



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión ordinaria do 7 de febreiro de 2018**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez.  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.  
D. Carlos López Font.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> José Caride Estévez.  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez.  
D<sup>a</sup>. Nuria Rodríguez Rodríguez.  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego.  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez.

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e corenta minutos, en segunda convocatoria, do día sete de febreiro de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(88).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 28 de xaneiro, e ordinaria e extraordinaria e urxente do 31 de xaneiro de 2019. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-Presidente.

**2(89).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MEDALLAS PARA O DESENVOLVEMENTO COMPLEMENTARIO DAS ACTUACIÓNS PROPIAS DO CONCELLO DE VIGO NA PROMOCIÓN DA PRÁCTICA DEPORTIVA NO ÁMBITO DO PROGRAMA MUNICIPAL “CALENDARIO DE EVENTOS DEPORTIVOS”. EXPTE. 17579/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 11/01/19, de fiscalización do 22/01/19, dáse conta do informe-proposta de data 08/01/19, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo, o concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**1.- ANTECEDENTES:**

1.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Pleno municipal do Concello de Vigo, recolle dentro do Programa 3410, a aplicación orzamentaria 3410.226.09.02 “Adquisición trofeos”.

2.- Con data 10/07/2018 (Modificada con data 07/12/2018), por parte do Xefe do servizo de deportes-Director deportivo, D. Rubén Peña Barceló, redáctase memoria xustificativa da necesidade da contratación do subministro de medallas para o desenvolvemento complementario das actuacións propias do concello de Vigo na promoción da practica deportiva no ámbito do programa municipal “calendario de eventos deportivos”.

3.- Con data 11/07/2018, á vista do informe do Xefe do servizo de deportes-Director deportivo, e de conformidade e no uso das competencias atribuídas pola vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85) e Decreto de Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e tendo en conta que o obxecto desta contratación, implica o exercicio de competencias indicadas como propias, no artigo 25.1 e 25.2.I da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Concelleiro de deportes asina a orde para que se proceda a iniciar expediente necesario para a contratación do subministro de medallas para o desenvolvemento complementario das actuacións propias do concello de Vigo na promoción da practica deportiva no ámbito do programa municipal “calendario de eventos deportivos”.

**2.- Condicións definitorias do contrato:**

a.- Obxecto e natureza do contrato:

O obxecto do presente expediente contempla a contratación, en función das necesidades, do subministro de medallas para o desenvolvemento complementario das actuacións propias do concello de Vigo na promoción da practica deportiva no ámbito do programa municipal “calendario de eventos deportivos”

O presente contrato atópase vinculado ás competencias propias previstas no art. 25.2. I) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, en relación á execución de programas de promoción da actividade deportiva.

En relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación obxecto deste expediente (artigo 28 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordeamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de



## Concello de Vigo

26 de febreiro de 2014), así como os aspectos relacionados coa “natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto deste expediente, atópanse relacionadas no prego de prescricións técnicas particulares e de forma xeral atende fundamentalmente ó subministro de medallas para o desenvolvemento complementario das actuacións propias do concello de Vigo na promoción da practica deportiva no ámbito do programa municipal “calendario de eventos deportivos”.

O contrato, polo seu obxecto, será un contrato de subministro, previsto no artigo 16 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014) (no sucesivo, LCSP).

Non se contempla a división en lotes do contrato fundamentado na necesaria coordinación das actuacións en relación ó desenvolvemento das entregas sucesivas, a necesaria homoxeneidade das medallas a subministrar no referente a materiais, deseños, modelos..., e á importancia que ten dispoñer dun canal único de comunicación que permita establecer un nivel óptimo de xestión nas entregas das medallas xa que o propio funcionamento da actividade deportiva esixe un elevado nivel de esixencia e dilixencia que dificilmente poderían garantirse no caso dunha división por lotes.

### **b.- Procedemento de adjudicación e forma de tramitación.**

Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a tramitación do presente expediente de contratación a través de procedemento aberto simplificado, e por tramitación ordinaria, polo que non precisa de mais xustificación.

### **c.- Orzamento base de licitación:**

En cumprimento do artigo 99 e 102 da LCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, atópase determinado tendo en conta que o prazo máximo do contrato establécese nunha anualidade, o importe para a totalidade do contrato estímase en 24.396,69 € sen iva, cun importe correspondente ó iva (21%) de 5.123,31 € o cal totaliza un importe de 29.520,00 € con IVE (21%).

Atendendo as peculiaridades dos artigos obxecto do subministro a través deste contrato, o prezo do contrato determinarase en termos de prezos unitarios referidos a cada un dos artigos vinculados o contrato e especificados no anexo I do Prego de Prescricións Técnicas particulares.

Para a determinación do orzamento base de licitación, se ten en conta a estimación de unidades para cada un dos artigos a subministrar en relación a previsión derivada do contido de eventos deportivos vinculados o programa municipal do “Calendario de eventos deportivos”, o cal ten previsto aglutinar cerca de 200 eventos deportivos anuais, polo cal a previsión mínima de medallas establece en base os seguintes datos tanto para a referencia do número de unidades, como os prezos unitarios máximos para a licitación.

O presente contrato será calculado en base á referencia do prezo unitario para cada modelo de medallas, os custos materiais das medallas, os custos vinculados coas tarefas de coordinación e administración do programa, os derivados do absentismo laboral, os custos vinculados co transporte das medallas, a amortización da maquinaria utilizada na fabricación das medallas, os gastos xerais e o beneficio industrial, establecéndose como prezo de

licitación para dito contrato o de 1,41 €/medalla person. 55Mm sendo o importe aplicable o IVE (21%) o de 0,30 €, o cal totaliza un importe total de 1,71 €; 2,06 €/medalla person. 65mm sendo o importe aplicable o IVE (21%) o de 0,43 €, o cal totaliza un importe total de 2,49 €; 2,21€/medalla especial 65mm sendo o importe aplicable o IVE (21%) o de 0,46€, o cal totaliza un importe total de 2,67€.

| Gastos Directos                        | Gastos Indirectos         |   |   |  |
|--|---------------------------|---|---|--|
|  |                           | MEDALLA PERSONALIZ. INDIV. (55 mm diám) : | MEDALLA CALIDADE PERSONALIZ. INDIV (65 mm diám) | MEDALLA ESPECIAL FUNDICIÓN DE CALIDADE: (65 diám). |
| Custos materiais medallas              |                           | 0,60€                                     | 1,25€   | 1,40€  |
| Coordinación e administración programa |                           | 0,10€                                     | 0,10€   | 0,10€  |
| Custos absentismo laboral              |                           | 0,09€                                     | 0,09€   | 0,09€  |
| Custos transportes                     |                           | 0,25€                                     | 0,25€   | 0,25€  |
|  | Amortización maquinaria   | 0,05€                                     | 0,05€   | 0,05€  |
|  | Gastos xerais (13%)       | 0,22€                                     | 0,22€   | 0,22€  |
|  | Beneficio Industrial (6%) | 0,10€                                     | 0,10€   | 0,10€  |
|  |                           |   |   |  |
| <b>TOTAL PREZO UNIT. SEN IVE</b>       |                           | 1,41€                                     | 2,06€   | 2,21€  |
| IVE (21%)                              |                           | 0,30€                                     | 0,43€   | 0,46€  |
|  |                           |   |   |  |
| <b>TOTAL CON IVE</b>                   |                           | 1,71 €                                    | 2,49 €  | 2,67 €   |

O importe para a totalidade do contrato estímase en **24.396,69€ sen ive**, e un importe correspondente o ive (21%) de **5.123,31 €** o cal totaliza un importe de **29.520,00 €** con IVE (21%), co seguinte desglose do contrato por anualidades:

| Anualidades   | Importe sen ive    | IVE               | Importe con IVE    |
|---------------|--------------------|-------------------|--------------------|
| 2019          | 22.363,64 €        | 4.696,36 €        | 27.060,00 €        |
| 2020          | 2.033,06 €         | 426,94 €          | 2.460,00 €         |
|               |                    |                   |                    |
| <b>Totais</b> | <b>24.396,69 €</b> | <b>5.123,31 €</b> | <b>29.520,00 €</b> |



## Concello de Vigo

Dito importe deberá ser aplicado con cargo os créditos do orzamento da concellería de Deportes na partida:

|      |           |                     |
|------|-----------|---------------------|
| 3410 | 226.09.02 | ADQUISICIÓN TROFEOS |
|------|-----------|---------------------|

O valor estimado do contrato establécese en 29.276,03€

O importe do contrato establécese de acordo cos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira contidos no artigo 7 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, xa que os créditos que se prevén para este contrato para cada exercicio son análogos aos existentes en anteriores exercicios presupostarios co mesmo obxecto e non van a significar desequilibrio financeiro ningún tendo en conta que os prezos unitarios axústanse aos prezos de mercado, pois establecéronse coa experiencia adquirida na execución do vixente contrato.

### **d.- Revisión de prezos.**

Tendo en conta que o prazo do contrato proposto é de un ano, non procede revisión para o prezo do contrato.

### **e.- Réxime de pagamento:**

O pagamento do subministro efectuarase á presentación de factura conformada polo responsable do contrato, unha vez que se produza a subministración das medallas requiridas.

### **f.- Clasificación contratistas**

Non procede fixar clasificación alternativa.

### **g.- Solvencia económica e Financeira e solvencia técnica:**

Solvencia económica e financeira:

1. Declaración do volume anual de negocio. Considerarase con solvencia económica e financeira ós licitadores que, no mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas, teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ó prezo do contrato.

Solvencia técnica e profesional:

2. Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato no curso de, como máximo, os tres últimos anos, na que indique importe, data e destinatario, público ou privado dos mesmos.

Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos de igual ou similar natureza, por importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% da anualidade media do contrato.

Para determinar se un servizo é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV.

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación.

#### Xustificación da solvencia:

Os requisitos de solvencia esixidos nesta contratación están directamente vinculados ao obxecto do contrato e son totalmente proporcionais, considerándose que a solvencia requirida garantirá a capacidade do adxudicatario para contratar coa administración.

#### **h.- Criterios de selección da oferta máis vantaxosa.**

Prevese a valoración de múltiples criterios, en cumprimento do artigo 145.3 g) da LCSP:

h.1.- Avaliable mediante xuízo de valor:

Proxecto de organización técnica e loxística de coordinación e entrega de artigos; explícase como se vai valorar ata 15 puntos.

h.2.- Avaliables mediante fórmula:

Porcentaxe de desconto a aplicar nos prezos unitarios: Valorarase ata un máximo de 70 puntos, aplicándose esta puntuación en relación coa baixa realizada.

Redución dos prazos máximos de entrega establecidos no PPT: Valorarase ata un máximo de 15 puntos.

#### **i.- Subcontratación.**

Admítese nos termos previstos no artigo 215 do LCSP. Non se fixan tarefas críticas a realizar polo contratista principal.

#### **j.- Prazo de garantía:**

Non procede pola propia natureza das prestacións.

#### **k.- Garantía provisional e definitiva:**

Non procede a constitución dunha garantía provisional e como garantía definitiva, o licitador que resulte adxudicatario provisional do contrato deberá prestar unha garantía do 5% do prezo de adxudicación do contrato (sen iva).



## Concello de Vigo

### **l.- Prazo de execución e si se prevén prórrogas do mesmo.**

Establécese como período do contrato de acordo os límites contemplados no artigo 29 da L.C.S.P, o de un (1) ano.

Atendendo as peculiaridades do obxecto do contrato en relación ó desenvolvemento do programa deportivo, e tendo en conta a temporalidade deste programa, así como as peculiaridades do mesmo, este período enténdese como adecuado para o desenvolvemento dos obxectivos do programa.

As características e necesidades concretas vinculadas co desenvolvemento do calendario de eventos deportivos da cidade de Vigo, tendo ademais en conta a experiencia derivada da execución anterior do programa, require o impulso deste contrato que permita implementar a capacidade do Concello de Vigo para atender un calendario de eventos deportivos que nos derradeiros dous anos sufriu un exponencial crecemento.

### **m.- Medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato.**

Non se fixan

### **n.- Modificación do contrato.**

Tendo en conta as peculiaridades do obxecto do presente contrato, debe considerarse a opción de modificación do contrato en relación aos seguintes criterios:

**1.- Aspectos a modificar:** O número de medallas a subministrar, sempre que dito incremento non supoña un aumento no prezo máximo do contrato.

**2.- Circunstancias que determinan a modificación:** O incremento da demanda dos eventos deportivos na cidade de Vigo, polo cal sexa necesario incrementar o volume de medallas inicialmente previsto, sempre que a mesma non leve implícito un incremento do prezo máximo do contrato ou cuantitativamente non supoña unha modificación superior o 20 %, en relación o número de unidades previstas inicialmente.

**3.- Límites da modificación:** Para o cálculo máximo do 20 % se poderán acumular varias modificacións sempre que o total das mesmas non exceda do 20 % en relación o número de unidades máximas previstas inicialmente. O motivo estará condicionado cando as necesidades de novas unidades de medallas durante a execución do mesmo excedan, por causa xustificada, das previstas neste contrato.

**4.- Especialidades, no seu caso, do procedemento de contratación:** Non se contemplan.

A variación cuantitativa do número de unidades previstas para cada un dos elementos que constitúen o obxecto deste contrato, e sempre que no seu conxunto non supere o 20 % do número de unidades previstas inicialmente, e non leve implícito un incremento do prezo máximo do contrato, non terá a consideración de modificación do contrato.

### **o.- Seguro:**

Non procede.

### 3.- Proposta:

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitir informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación polo procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria da contratación para o subministro de medallas para o desenvolvemento das actuacións propias do Concello de Vigo na promoción da práctica deportiva no ámbito do programa municipal “Calendario de Eventos deportivos”.

Segundo: Aprobar o Prego de prescrición técnicas particulares coa regulación dos aspectos técnicos sobre a execución do subministro de medallas para o desenvolvemento das actuacións propias do Concello de Vigo na promoción da práctica deportiva no ámbito do programa municipal “Calendario de Eventos deportivos”, asinado polo xefe do servizo de deportes-Director deportivo, con data 12 de xullo de 2018.

Terceiro: Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, asinado pola Xefa do servizo de Contratación con data 04 de xaneiro de 2019.

Cuarto: Autorizar o gasto polo importe máximo de **24.396,69€ sen iva**, e un importe correspondente o iva (21%) de **5.123,31 €** o cal totaliza un importe de **29.520,00 €** con IVE (21%), co seguinte desglose do contrato por anualidades:

| Anualidades | Importe sen iva | IVE        | Importe con IVE |
|-------------|-----------------|------------|-----------------|
| 2019        | 22.363,64 €     | 4.696,36 € | 27.060,00 €     |
| 2020        | 2.033,06 €      | 426,94 €   | 2.460,00 €      |
| Totais      | 24.396,69 €     | 5.123,31 € | 29.520,00 €     |

Dito importe deberá ser aplicado con cargo os créditos do orzamento da concellería de Deportes na partida:

|      |           |                     |
|------|-----------|---------------------|
| 3410 | 226.09.02 | ADQUISICIÓN TROFEOS |
|------|-----------|---------------------|

Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.





## Concello de Vigo

### **3(90).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SEGURO COLECTIVO DE ACCIDENTES DEPORTIVOS E LESIÓNS DEPORTIVAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO “PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS COMPETICIÓNS INTERNAS E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS”. EXPTE. 2495/611.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 11/01/19, o fiscalización do 01/02/19, dáse conta do informe-proposta de data 30/01/19, asinado polo adxunto a Xefatura do Servizo de Deportes- director técnico de Deportes, o xefe do Servizo de Deportes-director deportivo, o concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES**

Con data 31 de outubro de 2018, o concelleiro delegado de Deportes, ditou orden de inicio de expediente para a “CONTRATACIÓN DA PÓLIZA DE SEGURO COLECTIVO DE ACCIDENTES DEPORTIVOS E LESIÓNS DEPORTIVAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS, COMPETICIÓNS INTERNAS E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS”

No expediente inclúense os seguintes documentos:

1. A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), previa á resolución de inicio do expediente, de data 31 de outubro de 2018.
2. A resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 31 de outubro de 2018.
3. Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 22 de novembro de 2018.
4. Memoria xustificativa, de data 21 de novembro de 2018, relativa aos seguintes extremos:
  - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto.
  - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
  - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).
  - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
  - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
  - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á

sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

- Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
- Xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP).
- Xustificación das tarefas críticas que non poidan ser obxecto de subcontratación (artigo 215 LCSP).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP)

5. Informe asinado pola Xefa do Servizo de Contratación sobre comprobación dos documentos esixidos pola normativa para a tramitación do contrato do 13 de decembro de 2018.

6. Prego de cláusulas administrativas particulares asinado o 7 de xaneiro de 2019 pola xefa do Servizo de Contratación.

## **II.- CONDICIÓN DEFINITORIAS DO CONTRATO.**

### **1º.- OBXECTO:**

O contrato ten por obxecto a prestación de servizos de seguro colectivo de accidentes deportivos e lesións deportivas para todas as actividades desenvolvidas ao abeiro do Programa Municipal de Escolas Deportivas, competicións internas e actividades complementarias, do Concello de Vigo, Concellería de Deportes, como tomador.

#### **1.1.-Necesidades a satisfacer**

O presente contrato atópase vinculado as competencias propias previstas no art. 25.2 l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d), "Promoción del deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre".

En relación sobre a necesidade e idoneidade da contratación obxecto deste expediente (artigo 28 da lei 9/2017, de 8 de novembro, Lei de Contratos do Sector Público, no sucesivo LCSP), así como os aspectos relacionados coa natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato. Ó obxecto definir as condicións técnicas para o desenvolvemento do servizo contratado dunha póliza de Seguro Deportivo Colectivo para o Programa Municipal de Escolas Deportivas.

A contratación do seguro é fundamental para dar un servizo da calidade e eficiencia exixidas no Programa Municipal de Escolas Deportivas e as súas actividades vencelladas.



## Concello de Vigo

O contrato, polo seu obxecto, é un contrato de servizos previsto no artigo 17 da LCSP.

### 1.2.-Lotes

Con relación ao obxecto do contrato ao ser un único servizo non procede a súa división en lotes en cumprimento ao establecido no artigo 99.3.b) da LCSP

### **2º.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación:**

Tendo en conta o obxecto do contrato e o seu valor estimado, propónse a tramitación do presente expediente de contratación a través de procedemento aberto ( art. 156-157-158 LCSP) de servizo.

A forma de tramitación é ordinaria.

### **3º.- Prezo do contrato e xustificación:**

#### **a) Prezo do contrato**

O prezo máximo do contrato fíxase en **64.000,00** euros para as dúas anualidades do contrato, sendo o prezo por anualidade de 32.000,00 euros ano. O prezo do contrato non ten IVE, os contratos de seguros non incorporan IVE,

Dito gasto poderase imputar a aplicación orzamentaria **3420.226.09.01** do orzamento da Concellería de deportes “ Escolas Deportivas”

Anualidades

| Anualidades | Importe     |
|-------------|-------------|
| 2019        | 32.000,00 € |
| 2020        | 32.000,00 € |
| Total       | 64.000,00 € |

**Valor estimado do contrato** é de 96.000,00 euros incluída a prórroga .

#### **Xustificación do prezo.**

Dito prezo fíxase tendo en conta os datos dos gastos de coberturas de seguros para actividades deportivas vencelladas ao Programa Municipal de escolas deportivas do Concello de Vigo, dos últimos tres anos, donde o importe de gasto ascendeu a unha media de 22.000,00 euros por ano no conxunto das actividades. O prezo que se estima é conforme ós prezos de mercado.

### **4º.- Revisión de prezos.**

O presente contrato non será obxecto de revisión de prezos.

### **5º.- Financiamento do contrato e xustificación de que cumpre os principios de estabilidade presupostaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 7 de abril**

Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012 de 7 de abril.

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo incluídos na aplicación orzamentaria 3420.226.09.01 "Escolas Deportivas Municipais". O contrato entrará en vigor a partir da firma do contrato.

O gasto proposto, establécese de acordo co principio de sustentabilidade financeira, de acordo o cumprimento da exixencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atópase dentro da capacidade de xestión dos créditos previstos no orzamento do ano 2019 dentro do programa orzamentario "3420" do Concello de Vigo. Polo cal esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento vixente e o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que a mesma ten a consideración da execución da prestación dun servizo delimitado e de carácter finalista para o Concello.

### **6º.- Prazo de contrato e prórroga**

O prazo da presente contratación será por dúas anualidades a contar dende a data de adxudicación, podendo prorrogar por un ano ata como máximo.

### **7º.- Solvencia**

#### **- Solvencia económica e financeira:**

Acreditarase, indistintamente, por calquera dos seguintes medios:

- Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual o superior ao valor estimado do contrato.

Acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito.

Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.



## Concello de Vigo

### - Solvencia técnica e profesional:

Acreditarase a través do seguinte medio:

a) Unha relación dos principais servizos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato.

Para determinar se un subministro é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV.

As empresas de nova creación (aquelas que teñan unha antigüidade inferior a cinco anos) acreditarán a súa solvencia mediante unha declaración na que indiquen o equipo técnico do que disporá para a execución das prestacións. A documentación acreditativa destes extremos achegarase polo primeiro clasificado con carácter previo á adxudicación do contrato.

### Xustificación solvencia:

Os requisitos solicitados na presente contratación de conformidade co establecido no artigo 74 da LCSP, están directamente vinculados co obxecto do contrato e son totalmente proporcionais, considerándose que a presentación de dita solvencia garantizará a capacidade do adxudicatario para contratar coa administración.

### 8º.- Criterios de valoración e xustificación:

Os criterios conformes os cales se valorarán as ofertas serán os seguintes:

#### **a) Criterios avaliados a través de fórmulas, 100 puntos:**

- 1.- Prezo. Redución do prezo do contrato.** Valorarase ata un máximo de **90 puntos**. Para a valoración terase en conta o importe total ofertado.
- 2.- Aumento dos capitais asegurados: Aumento en % dos capitais mínimos asegurados do PPT (valorarase o % para o conxunto de todos os capitais).** Aos efectos de aplicar dito % na operativa do contrato aplicarase individualmente para cada concepto. Valorarase ata un máximo de **10 puntos**.

Estes criterios avaliaranse segundo as seguintes fórmulas.

**1º.- Para valorar as baixas ou aqueles criterios nos que se valore unha diminución dos valores propostos pola Administración** (menor prezo, menor prazo, menores consumos, etc.) con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia das baixas.

1. **Cálculo do valor referencia das baixas (Vrb):**

O valor da baixa ofertada obterase restando ao valor proposto pola Administración o valor ofertado polo licitador.

As ofertas ordenaranse por orden decrecente do valor da baixa. En función do número de ofertas admitidas que non conteñan valores anormais ou desproporcionados serán descartadas para este cálculo:

- Entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- 1. Entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- 2. Entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as tres primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- 3. Máis de 15 ofertas: eliminaranse as catro primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.

Entre os valores de baixa non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá o Valor referencia das baixas (Vrb).

2. **Para valorar baixas inferiores ao Vrb** aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * Pmx * Vof}{Vrb}$$

**Vrb**

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio

Vof: valor ofertado de baixa

Vrb: valor referencia das baixas

3. **Para valorar baixas iguais ou superiores ao Vrb** aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * Pmx + 0,20 * Pmx * A}{B}$$

**B**

Onde:

Pmx: Puntuación máxima do criterio

A: diferenza entre o valor da baixa ofertada e o Vrb

B: a maior diferenza entre o valor de baixas ofertadas e o Vrb



## Concello de Vigo

**2º.- Para valorar aqueles criterios nos que se valore un aumento dos valores propostos pola Administración** (aumento prazo de garantía, incrementos de persoal, incremento do control da calidade, etc.) con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia dos incrementos.

**a) Cálculo do valor referencia dos incrementos (Vri):**

O valor do incremento ofertado obterase restando ao valor ofertado polo licitador o valor proposto pola Administración.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor do incremento. En función do número de ofertas admitidas, por cada fracción de 5 ofertas admitidas, serán descartadas para este cálculo:

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor do incremento sexa idéntico.
- entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as tres primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor do incremento sexa idéntico.
- máis de 15 ofertas: eliminaranse as catro primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor do incremento sexa idéntico.

Entre os valores de incremento non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá o Valor referencia dos incrementos (Vri).

**b) Para valorar incrementos inferiores ao Vri aplicarase a seguinte fórmula:**

$$P = 0,80 * Pmx * Vof$$

**Vri**

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio

Vof: valor ofertado de incremento

Vri: valor referencia dos incrementos

**c) Para valorar incrementos iguais ou superiores ao Vri aplicarase a seguinte fórmula:**

$$P = 0,80 * Pmx + 0,20 * Pmx * \frac{A}{B}$$

**B**

Onde:

Pmx: Puntuación máxima do criterio

A: diferenza entre o valor do incremento ofertado e o Vri

B: a maior diferenza entre o valor de incremento ofertadas e o Vri

### **Xustificación dos criterios:**

Respecto ao prezo: ao referirse a un servizo dunha póliza de seguro colectivo e que as coberturas mínimas están definidas no PPT o prezo convértese nun valor fundamental de valoración.

Capitais asegurados: valorarase o incremento das mesmas entendese que este é un aspecto positivo para o desenvolvemento do contrato.

### **A xustificación das fórmulas:**

Estas fórmulas resultan axeitadas para a valoración dos criterios de adxudicación por canto resultan proporcionais outorgando a maior puntuación á oferta que resulta máis ventaxosa en relación a calidade prezo e as mesmas veñen sendo utilizadas por esta administración con continuidade e co visto e prace da intervención municipal.

### **9º.- Ofertas con valores anormais (artigo 149)**

Neste procedemento non se considerará que ningunha oferta conteña valores anormais.

### **10º.- Condicións especiais de execución**

En cumprimento da obriga prevista no artigo 202.1 da LCSP, segundo a cal “será obrigatorio o establecemento no prego de cláusulas administrativas particulares de cando menos unha das condicións especiais de execución de entre as que enumera o apartado seguinte”, establécense neste contrato a seguinte condición especial de execución de tipo social ou relativas ao emprego:

“A adopción de medidas pola empresa adxudicataria que garantir a seguridade e da protección da saúde no lugar de traballo e o cumprimento dos convenios colectivos sectoriais e territoriais aplicables, así como medidas para previr a siniestralidade laboral”

Esta condición especial de execución ven recollida no artigo 202.2 da LCSP e esíxese neste contrato co obxectivo de profundar nunha contratación socialmente máis responsable, que incorpore nos procedementos de contratación obxectivos específicos de política social. Inclúense así algúns dos aspectos sociais recollidos na guía de Adquisicións Sociais da Comisión Europea (oportunidades de emprego, traballo digno, cumprimento cos dereitos sociais e laborais, inclusión social e igualdade de oportunidades).

Esta “contratación estratéxica”, plasmada nas novas Directivas de Contratación, permite implementar coa contratación pública as políticas públicas en áreas que se consideran esenciais, contribuindo a mellorar o cumprimento das leis sociais e laborais, a estimular mercados con conciencia social, demostrar habilidades de gobernanza sensibles aos aspectos sociais, fomenta a integración de grupos significativos na sociedade, como son as persoas con discapacidade, en actividades claves do mercado, e garantir gastos públicos máis eficaces e eficientes con maior afectación real ás persoas ou colectivos máis desfavorecidos.





## Concello de Vigo

### **11º.- información esixida polo artigo 130 LCSP**

Non procede nesta contratación

### **12º.- Prazo de garantía**

Non procede nesta contratación

### **13º.- Subcontratación.**

Se admiten conforme ao previsto no artigo 215 LCSP, non se recollen tarefas críticas a realizar polo contratista principal.

### **14º.- Modificacións do contrato**

Non se prevé.

### **15º-Responsable do contrato**

De conformidade co artigo 62 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, LCSP, para o exercicio das funcións que nel se determina, a designación como responsable do contrato recaer no Adxunto Xefe Servizo Deportes- Director Técnico servizo de deportes.

Dada a natureza da prestación que é obxecto do contrato, ao tratarse dun contrato de seguro de carácter privado, deberase mencionar que a actual compañía de mediación de seguros que este Concello ten contratada é Artai, S.A.

### **16º.- Referencia ao réxime de pagamento**

O importe do prezo satisfaceráselle unha vez formalizado o contrato contando a partir do primeiro día de cobertura que será o día seguinte á sinatura do contrato. O importe satisfacerase por cada anualidade do contrato ó comenzo da prestación do servizo. Previa a emisión da factura na plataforma FACE entregarase toda a documentación, condicións técnicas ou cláusulas do seguro colectivo, así como o número de póliza e a información necesaria sobre a tramitación dos accidentes ou lesions.

As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013 de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Os códigos solicitados pola plataforma FACe - Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado - ao que encóntrase adherido o Concello de Vigo, son os seguintes:

- a) UNIDADE TRAMITADORA: GE0000661 DEPORTES
- b) OFICINA CONTABLE: GE0000575 SERVICIOS ECONÓMICOS / INTERVENCIÓN
- c) ÓRGANO XESTOR: L01360577 CONCELLO DE VIGO

### **17º.- Seguro**

Non procede nesta contratación.

### **18º.- Lugar de entrega**

O ser un servizo este desenvolverase segundo se recolle no obxecto do contrato.

### **19º.- Data prevista para o inicio do contrato**

1 de Xaneiro de 2019. Esta data poderá ser modificada en función da data de adxudicación do contrato mantendo como o primeiro día de cobertura da póliza o seguinte da sinatura do contrato .

### **20º.- Etiquetas**

Non se prevén.

### **21º.- Informes de probas**

Non se prevén.

### **22º.- Outros aspectos a ter en conta na redacción do prego de cláusulas administrativas particulares**

Non se prevén.

### **23º.- Certificación Dirección Xeral de Seguros.**

As empresas licitadoras deberan acreditar Certificación da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións para cobertura de riscos relacionadas co obxecto do contrato.

### **23º.- Condicións especiais de compatibilidade**

Non se contemplan.

## **III.- PROPOSTA**

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar o expediente de Contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria da " CONTRATACIÓN DA PÓLIZA DE SEGURO COLECTIVO DE ACCIDENTES DEPORTIVOS E LESIÓNS DEPORTIVAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS, COMPETICIÓNS INTERNAS E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.



## Concello de Vigo

**Segundo:** Aprobar o Prego de Prescriccións Técnicas de 22 de novembro de 2018 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, de 7 de xaneiro de 2019 pola Xefa do Servizo de Contratación para CONTRATACIÓN DA PÓLIZA DE SEGURO COLECTIVO DE ACCIDENTES DEPORTIVOS E LESIÓNS DEPORTIVAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS, COMPETICIÓNS INTERNAS E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.

**Terceiro:** Autorizar o gasto polo **importe base máximo de licitación de 64.000,00 €**, e sendo o valor estimado do contrato de 96.000,00 €. Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, Concellería de Deportes incluídos na aplicación orzamentaria 3420.226.09.01 “Escolas Deportivas”.

Ó ter o o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2019: 32.000,00 €, 2020: 32.000,00 €. O ser un contrato de seguro e tendo en conta a data da sinatura do contrato as anualidades aboaranse o comenzo de cada período de cobertura de 12 meses.

**Cuarto:** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(91).- PROPOSTA PARA A APROBACIÓN DO POGRAMA MUNICIPAL CIRCUÍTO DE CARREIRAS POPULARES “RUNRUNVIGO 2019” E DOTACIÓN DE PREMIOS EN METÁLICO PARA OS PARTICIPANTES. EXPTE. 18138/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 25/01/19, de fiscalización do 31/01/19, dáse conta do informe-proposta de data 04/01/19, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo, o concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- Antecedentes:**

A Concellería de deportes dinamiza e coordina o circuítio de carreiras populares da Cidade de Vigo “RunRunVigo”. Este programa, que se impulsa como parte do traballo de fomento e difusión do deporte entre a sociedade viguesa, propón a coordinación, promoción e difusión de diferentes probas pedestres que tradicionalmente teñen lugar na cidade de Vigo, co propósito de estimular e fomentar a práctica do deporte popular.

Este programa ten entre os seus fins fundamentais dar un novo pulo ó atletismo popular da cidade de Vigo. Desde a Concellería, co pleno convencemento do beneficio que supón a práctica do deporte para a cidadanía en xeral, continuando co traballo de dinamización do deporte popular, da un xiro ó circuítio de carreiras populares na súa edición do ano 2019.

No ano 2019, o proxecto cumpre a súa décima edición, o que o converte nun dos grandes atractivos do ámbito do atletismo popular na cidade de Vigo ó longo do ano.

O programa RunRunVigo, que se desenvolve na da cidade de Vigo, estará configurado por 9 tradicionais probas que se celebran ó longo do ano 2019 dinamizadas por cada unha das entidades organizadoras.

| PROBA                                 | Distancia           |
|---------------------------------------|---------------------|
| Subida ao Castro                      | 3.000 m.            |
| Medio Maratón e Maratón Vig Bay       | 21.097 m / 42.195m. |
| HappyGoRunning – Cidade Universitaria | 10.000 m.           |
| Carreira da Cereixa                   | 10.000 m.           |
| Carreira Nocturna Correndo por Vigo   | 10.000 m.           |
| Carreira Nocturna de San Xoán         | 8.600 m.            |
| 10 Km. Xorn. Marisqueiras do Berbés   | 10.000 m.           |
| Vigo+11                               | 10.000 m.           |
| Vigo Contra el Cáncer                 | 10.000 m.           |

Entre as actuacións vinculadas co desenvolvemento do circuío, a Concellería de deportes realiza dúas actuacións básicas. Por unha banda, coordina os resultados de cada unha das probas integradas no mesmo para a definición dunha clasificación xeral de todos os participantes que ven determinada polos resultados obtidos en cada unha das carreiras. Esta clasificación é publicada de maneira regular durante todo o ano, coa finalidade de potenciar a participación nas carreiras ó tempo que a mesma servirá para establecer ó final do circuío os gañadores e gañadoras e primeiros clasificados/as no “Circuío RunRunVigo”.

Esta clasificación ten como finalidade tamén que os mellores atletas se sumen á iniciativa e participen no maior número de probas, dando desta forma un impulso á calidade deportiva do “Circuío”, polo cal dende a Concellería de Deportes se propón o outorgamento duns premios en metálico que fundamentalmente teñen un carácter de recoñecemento testimonial e promocional para o propio circuío.

Para a clasificación final das carreiras que integran o circuío 2019, que remata no mes de novembro de 2019, e unha vez certificados os resultados de todas as probas, propóñense os seguintes premios en metálico, por un importe total de 6.000,00 €.



## Concello de Vigo

| Categorías* | 1º Clasificado/a | 2º Clasificado/a | 3º Clasificado/a |
|-------------|------------------|------------------|------------------|
| F-1 e M-1   | 300,00 €         | 200,00 €         | 100,00 €         |
| F-2 e M-2   | 300,00 €         | 200,00 €         | 100,00 €         |
| F-3 e M-3   | 300,00 €         | 200,00 €         | 100,00 €         |
| F-4 e M-4   | 300,00 €         | 200,00 €         | 100,00 €         |
| F-5 e M-5   | 300,00 €         | 200,00 €         | 100,00 €         |

En relación ás retencións obrigatorias por Lei, atenderase ó establecido no Real Decreto-Ley 9/2015, de 10 de xullo, tendo en conta o establecido no Art. 75.3.f. do RD 439/2007, de 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renda das persoas físicas e se modifica o Regulamento de Plans e Fondos de Pensións aprobado polo RD 304/2004 de 20 de febreiro, que determina que “No existirá obrigación de practicar retención o ingreso a conta sobre as rentas seguintes: ....f) os premios.....cunha base de retención no sexa superior a 300€”.

### **II- PROGRAMA MUNICIPAL RUNRUNVIGO 2019:**

#### **1.- PROBAS:**

| PROBA                                 | Distancia           |
|---------------------------------------|---------------------|
| Subida ao Castro                      | 3.000 m.            |
| Medio Maratón e Maratón Vig Bay       | 21.097 m / 42.195m. |
| HappyGoRunning – Cidade Universitaria | 10.000 m.           |
| Carreira da Cereixa                   | 10.000 m.           |
| Carreira Nocturna Correndo por Vigo   | 10.000 m.           |
| Carreira Nocturna de San Xoán         | 8.600 m.            |
| 10 Km. Xorn. Marisqueiras do Berbés   | 10.000 m.           |
| Vigo+11                               | 10.000 m.           |
| Vigo Contra el Cáncer                 | 10.000 m            |

## **2.- CATEGORÍAS PARTICIPANTES:**

| Femininas | Masculina<br>S | Ano de nacemento                  |
|-----------|----------------|-----------------------------------|
| F-1       | M-1            | Entre 1980-1999 (ambos incluídos) |
| F-2       | M-2            | Entre 1970-1979 (ambos incluídos) |
| F-3       | M-3            | Entre 1960-1969 (ambos incluídos) |
| F-4       | M-4            | Entre 1955-1959 (ambos incluídos) |
| F-5       | M-5            | 1954 ou anteriores                |

Os/As atletas quedarán inscritos a efectos de clasificación no circuito por ano de nacemento.

O/A atleta que, a nivel federativo, por cuestións relacionadas coa súa data de nacemento, cambie de categoría en parte das probas, puntuará, a efectos do circuito, na categoría inicialmente inscrito.

Os/As atletas das categorías 2, 3, 4 e 5 poderán competir na categoría 1 unicamente se o especifican á organización na primeira proba na que se inscriban.

## **3.- INSCRIPCIÓN NO PROGRAMA MUNICIPAL “CIRCUITO DE CARREIRAS POPULARES RUNRUNVIGO 2019”:**

- **Automática:** Os/as participantes inscritos/as en calquera das probas quedarán incluídos automaticamente no circuito RunRunVigo 2019 salvo petición contraria escrita dirixida polo/a atleta á organización do circuito.
- **Gratuíta:** A inscrición no circuito é gratuíta.
- **Independente:** A inscrición no circuito RunRunVigo 2019 é independente da que se realiza en cada unha das probas. Polo tanto, independentemente de estar inscritos no circuito, o/a atleta deberá formalizar a inscrición en cada unha das probas segundo as normas específicas de cada unha delas.
- **Clasificación de Club:** Haberá unha clasificación final por equipos.



## Concello de Vigo

### **4.- PUNTUACIÓNS DAS PROBAS:**

Os e as participantes no circuíto irán conseguindo puntuacións en cada unha das probas, as cales irán sumándose. A puntuación sairá da clasificación particular por categoría dos inscritos no circuíto segundo os tempos en cada proba do circuíto.

| PUNTUACIÓNS POR PROBA   |            |
|-------------------------|------------|
| 1º clasificado/a        | 250 puntos |
| 2º clasificado/a        | 200 Puntos |
| 3º clasificado/a        | 150 Puntos |
| 4º clasificado/a        | 125 Puntos |
| 5º clasificado/a        | 100 Puntos |
| 6º clasificado/a        | 90 Puntos  |
| 7º clasificado/a        | 80 Puntos  |
| 8º clasificado/a        | 75 Puntos  |
| 9º clasificado/a        | 70 Puntos  |
| 10º clasificado/a       | 60 Puntos  |
| 11º-15º clasificado/a   | 35 Puntos  |
| 16º-20º clasificado/a   | 30 Puntos  |
| 21º-50º clasificado/a   | 20 Puntos  |
| 51º-150º clasificado/a  | 15 Puntos  |
| 151º-300 clasificado/a  | 8 Puntos   |
| 301º-600 clasificado/a  | 5 Puntos   |
| 601º-900 clasificado/a  | 3 Puntos   |
| 901º-1200 clasificado/a | 2 Puntos   |
| >1200 clasificado/a     | 1 punto    |

### **5.- CONTROL E XESTIÓN DE RESULTADOS:**

O Control e xestión dos resultados das probas estará centralizado a través dunha plataforma única. O Concello de Vigo, actualizará as clasificacións cos datos aportados por cada unha das probas, e publicará a clasificación.

O Concello de Vigo non se fai responsable dos posibles erros nas clasificacións remitidas por cada un dos organizadores das probas.

## **6.- PREMIOS FINAIS POR CATEGORÍAS:**

6.1.- Os premios en metálico ós/ás gañadores/as do circuíto outórganse con independencia dos que cada unha das probas entrega ós mesmos.

| Categorías* | 1º Clasificado/a | 2º Clasificado/a | 3º Clasificado/a |
|-------------|------------------|------------------|------------------|
| F-1 e M-1   | 300,00 €         | 200,00 €         | 100,00 €         |
| F-2 e M-2   | 300,00 €         | 200,00 €         | 100,00 €         |
| F-3 e M-3   | 300,00 €         | 200,00 €         | 100,00 €         |
| F-4 e M-4   | 300,00 €         | 200,00 €         | 100,00 €         |
| F-5 e M-5   | 300,00 €         | 200,00 €         | 100,00 €         |

\* Para ter dereito ó premio metálico, o/a atleta deberá ter rematadas como mínimo 6 probas, e a categoría deberá contar cun mínimo de 5 atletas inscritos/as que remataran polo menos 6 probas. Nas categorías F-3, F-4, F-5 e M-5, as/os atletas deberán ter rematado polo menos 5 probas, aínda que non haberá participación mínima esixida para optar ós premios en metálico. A estes importes aplicaranse as retencións obrigatorias por lei.

- Criterios de desempate: En caso de empate, utilizaranse os seguintes criterios no orde que se detalla en caso de persistir o empate:
  - 1º criterio: Nº de probas disputadas ó final do circuíto.
  - 2º criterio: Nº de probas gañadas.
  - 3º criterio: Mellor posto na derradeira carreira do circuíto.
- Galardóns para campións e campioas do circuíto RunRunVigo 2019: ó remate do circuíto, farase entrega nun acto de clausura do campionato dos premios correspondentes ós gañadores e as gañadoras do Circuíto RunRunVigo 2019 en cada unha das categorías.

## **6.2.- PREMIO MELLOR CLUBE CIRCUÍTO RUNRUNVIGO 2019:**

A organización outorgará o trofeo ó mellor club do circuíto 2019. Na clasificación de entidades, irán computando os puntos que consigan todos os atletas de cada un dos clubs.





## Concello de Vigo

### **7.- RECLAMACIÓNS:**

Os participantes no circuito terán 5 días naturais desde a publicación da clasificación de cada unha das probas para remitir por escrito calquera reclamación á dirección de correo electrónico: [vide@vide.es](mailto:vide@vide.es)

### **8.- INFORMACIÓN XERAL DO CIRCUITO RUNRUNVIGO 2019:**

–Dispoñíbel en [www.runrunvigo.com](http://www.runrunvigo.com), [www.vide.es](http://www.vide.es) e na Web da empresa que xestione os resultados.

–A listaxe coas puntuacións parciais da cada un dos e das participantes exporase na web do circuito [www.runrunvigo.com](http://www.runrunvigo.com) e na da Fundación VIDE ( [www.vide.es](http://www.vide.es) ).

### **III.- APLICACIÓN DOS PREMIOS EN METÁLICO.**

Coa finalización das probas do Circuito RunRunVigo 2019, será tramitado por parte da Concellería de Deportes o correspondente expediente para a aprobación dos premios en metálico vinculados ó citado circuito.

Os premios en metálico previstos do circuito RUNRUNVIGO 2019, ao tratarse de premios deportivos concedidos segundo unha clasificación xeral de todos os participantes nas carreiras incluídas no circuito de carreiras RUNRUNVIGO 2019, non teñen directamente a consideración de subvencións, polo tanto, outorgaranse sen a previa solicitude dos interesados, consonte ao disposto no artigo 4 da LXS.

Para afrontar o gasto derivado do presente expediente, deberase imputar o mesmo ao capítulo IV do orzamento, polo cal, tendo en conta que a proposta do gasto derivada do correspondente expediente, no cal se propoña os gañadores do circuito de carreiras RUNRUNVIGO 2019, será desenvolto ó remate do circuito, a proposta de autorización do gasto será sobre a aplicación orzamentaria 3410.489.00.01 do orzamento do ano 2019.

### **IV.- PROPOSTA:**

Tendo en conta os antecedentes descritos, e atendendo á importancia que para a cidade de Vigo ten a continuidade de proxectos de promoción do deporte popular, considerando ademais que a Concellería de Deportes ten entre os seus obxectivos potenciar a actividade deportiva en xeral, previo informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local, que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o Programa Municipal Circuito RunRunVigo 2019.

Segundo: Autorizar o gasto polo importe de 6.000,00€ destinados a facer fronte ós premios para os e as gañadoras do “RunRunVigo 2019”, a aplicación do crédito realizarase a cargo da aplicación orzamentaria 3410.489.00.01, do orzamento do ano 2019.

Terceiro: Proceder á publicación Programa Municipal Circuito RunRunVigo 2019, no entorno WEB [www.runrunvigo.vigo.org](http://www.runrunvigo.vigo.org), [www.vigo.org](http://www.vigo.org) e [www.vide.es](http://www.vide.es)

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(92).- ADXUDICACIÓN E DENEGACIÓN DAS BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" DE ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO (EOIV) CORRESPONDENTE AO ANO 2019. EXPTE. 22697/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28/01/19, dáse conta do informe-proposta do 17/01/19, asinado polo técnico do Servizo de Educación, a xefa do Servizo de Educación, a concelleira-delegada da Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do 08 de novembro de 2018 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1. Aprobar as Bases reguladoras da Convocatoria de Bolsas "Concello de Vigo" para Estancias Lingüísticas no Estranxeiro de alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), para o ano 2019.
2. Aprobar a autorización de gasto de 175.000.-€ con cargo á partida presupostaria 3260.489.00.10 "Becas estudos internacionais EOIV" do ano 2019, para a cobertura das 100 bolsas "Concello de Vigo" de estancias linguísticas no estranxeiro de alumnado da EOIV ano 2019, quedando esta contía de 175.000.-€ supeditada á dispoñibilidade de crédito axeitado e suficiente no exercizo orzamentario futuro de 2019.

Incorpóranse ao presente expediente contido das dúas actas de resolución provisional de baremación en xuntanzas mantidas pola Comisión de Valoración celebradas en datas do 20 de decembro de 2018 e 10 de xaneiro de 2019, coa finalidade de emitir unha proposta de resolución para a adxudicación das bolsas "Concello de Vigo" aos posibles bolseiros/as, consonte co punto décimo primeiro "Concesión e resolución das axudas" das Bases e Convocatoria específica das Bolsas "Concello de Vigo" para a participación en estadías linguísticas no estranxeiro para o alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo, ano 2019.

Coa aplicación dos criterios de valoración que se recollen no punto noveno da referida convocatoria, e facendo constar que da información que obra no seu poder despréndese que os/as bolseiros/as propostos/as cumpren todos os requisitos esixidos para acceder ás bolsas, elabórase proposta de adxudicación e resolución das bolsas "Concello de Vigo" ano 2019 para alumnado da EOIV, e sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local, o seguinte ACORDO:

1º.- Adxudicar as 96 bolsas "Concello de Vigo" ao seguinte alumnado beneficiario da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), desglosados nos idiomas de inglés (52 bolsas) coa asignación económica individual de 1.700.-€, francés (10 bolsas) coa asignación económica



## Concello de Vigo

individual de 2.000.-€ , alemán (2 bolsas) coa asignación económica individual de 1.700.-€, italiano (14 bolsas) coa asignación económica individual de 1.700.-€, portugués (8 bolsas) coa asignación económica individual de 1.600.-€, xaponés (7 bolsas) coa asignación económica individual de 2.000.-€ e chinés (3 bolsas) coa asignación económica individual de 2.000.-€ .

### **ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DAS 52 BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA O IDIOMA DE INGLÉS COA ASIGNACIÓN ECONÓMICA INDIVIDUAL DE 1.700.-€**

| EXPT   | APELIDOS            | NOME            | DNI      | NIVEL ACTUAL | PUNTOS |
|--------|---------------------|-----------------|----------|--------------|--------|
| IN_024 | Cao Diaz            | Laura           | ****9269 | C1           | 11,50  |
| IN_029 | Maneiro Valiente    | Leticia         | 3616**** | C1           | 11,25  |
| IN_022 | Lopez Dafonte       | Maria Elena     | ****7530 | B1           | 10,50  |
| IN_032 | Cabaleiro Rodriguez | Ana Maria       | 3612**** | C1           | 10,00  |
| IN_054 | Gonzalez Lago       | Monica          | ****9251 | B1           | 10,00  |
| IN_021 | Lopez Dafonte       | Ana             | 3611**** | B1           | 10,00  |
| IN_044 | Carrion Rosa        | Sandra          | ****6712 | C1           | 10,00  |
| IN_014 | Fernandez Aparicio  | Elvira          | 3602**** | B2           | 10,00  |
| IN_004 | Alvarez Rodriguez   | Marta           | ****7118 | C1           | 10,00  |
| IN_007 | Martinez Giraldez   | Juan Ignacio    | 3946**** | C1           | 9,75   |
| IN_033 | Lago Lopez          | Jesus Maria     | ****3110 | C1           | 9,50   |
| IN_036 | Salvador Fernandez  | Maria Asuncion  | 3610**** | B1           | 9,50   |
| IN_049 | Rodriguez Miguelez  | Sandra          | ****5621 | C1           | 9,25   |
| IN_003 | Tarilonte Sanchez   | Maria Angeles   | 3602**** | B2           | 9,25   |
| IN_019 | Miguez Dominguez    | Paloma          | ****3566 | C1           | 9,00   |
| IN_009 | Gencheva Koeva      | Antoniya        | X486**** | B2           | 9,00   |
| IN_016 | Sanchez Mosquera    | Pablo           | ****1261 | C1           | 9,00   |
| IN_011 | Sanchez Sestelo     | Ana Isabel      | 5318**** | B1           | 9,00   |
| IN_043 | Graña Cruz          | Vera            | ****5306 | C1           | 8,75   |
| IN_010 | Gonzalez Marquez    | Rebeca          | 3616**** | C1           | 8,75   |
| IN_027 | Fernandez Gallego   | Patricia        | ****7275 | C1           | 8,75   |
| IN_045 | Mendez Nuñez        | Alberto Enrique | Y366**** | C1           | 8,50   |
| IN_052 | Cedeira Villafin    | Porfirio Manuel | ****3474 | B2           | 8,50   |
| IN_020 | Alvarez Conde       | Maria Milagros  | 3612**** | B2           | 8,50   |
| IN_008 | Aguilera Chouza     | Alberto         | ****3142 | C1           | 8,25   |
| IN_030 | Marques Copariate   | Justo Cipriano  | 5136**** | B2           | 8,25   |

|        |                    |                  |          |    |      |
|--------|--------------------|------------------|----------|----|------|
| IN_041 | Rojo Costas        | Miguel Angel     | ****0962 | B2 | 8,00 |
| IN_046 | Veleiro Perez      | Sonia            | 4466**** | C1 | 8,00 |
| IN_055 | Rey Torres         | Celia            | ****6149 | B2 | 8,00 |
| IN_017 | Lopez Gonzalez     | Laura            | 1316**** | C1 | 8,00 |
| IN_025 | Fernandez Lago     | Fanny Maria      | 3611**** | C1 | 7,50 |
| IN_056 | Falque Rodriguez   | Maria del Carmen | ****4952 | B1 | 7,50 |
| IN_012 | Alvarez Garcia     | Maria Begoña     | 3612**** | C1 | 7,50 |
| IN_015 | Varela Molina      | Maria Isabel     | ****5786 | B1 | 7,50 |
| IN_042 | Mohamed Aali_Mulud | Aalisalem        | 3612**** | B1 | 7,50 |
| IN_035 | Alonso Guinde      | Alberto          | ****5204 | C1 | 7,50 |
| IN_005 | Lago Schramm       | Maria Isabel     | 3611**** | B2 | 7,50 |
| IN_031 | Vila Riveiro       | Jose Manuel      | ****8497 | C1 | 7,50 |
| IN_040 | Gomez Longa        | Maria Luisa      | 3613**** | B2 | 7,25 |
| IN_051 | Acuña Gonzalez     | Maria Begoña     | ****2454 | B2 | 7,25 |
| IN_037 | Garcia Fernandez   | Carmen           | 7681**** | B1 | 7,00 |
| IN_026 | Garcia Fernandez   | Christian        | ****8783 | B2 | 7,00 |
| IN_034 | Estevez Garcia     | Diego            | 3614**** | C1 | 7,00 |
| IN_053 | Mendez Gomez       | Ana Belen        | ****2868 | C1 | 7,00 |
| IN_039 | Nogueira Comesaña  | Laura            | 5318**** | C2 | 6,75 |
| IN_006 | Seijo Bardanca     | Lidia            | ****4760 | B2 | 6,50 |
| IN_002 | Alvarez Gonzalez   | Susana           | 1083**** | B2 | 6,50 |
| IN_013 | Soto Gonzalez      | Ana Maria        | ****6646 | B2 | 6,25 |
| IN_048 | Cabaleiro Gonzalez | Rebeca           | 5317**** | C1 | 6,25 |
| IN_018 | Rodriguez Lopez    | Florencio        | ****1282 | B2 | 5,75 |
| IN_023 | Diez Sarabia       | Sofia Maria      | 3946**** | B2 | 5,50 |
| IN_047 | Crespo Crespo      | Miguel Angel     | ****8139 | C1 | 5,50 |

**ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DAS 10 BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA O IDIOMA DE FRANCÉS COA ASIGNACIÓN ECONÓMICA INDIVIDUAL DE 2.000.-€**

| EXPTE  | APELIDOS                    | NOME           | DNI      | NIVEL ACTUAL | PUNTOS |
|--------|-----------------------------|----------------|----------|--------------|--------|
| FR_006 | Alvarez Hernandez-Cañizares | Patricia       | ****0954 | C1           | 9,50   |
| FR_004 | Perez Fernandez             | Maria Remedios | 2571**** | B1           | 9,50   |
| FR_007 | Nuñez Corbal                | Maria Jose     | ****3822 | B1           | 9,00   |
| FR_009 | Quiñoy Cao                  | Maria Angeles  | 3610**** | B1           | 9,00   |



## Concello de Vigo

|        |                     |                           |          |    |      |
|--------|---------------------|---------------------------|----------|----|------|
| FR_003 | Garcia Alvarez      | Sonia                     | ****4415 | B1 | 9,00 |
| FR_010 | Sousa Carneiro      | Rosa Ana                  | 3609**** | B2 | 8,25 |
| FR_008 | Villa Gonzalez      | Marta                     | ****6241 | B2 | 8,00 |
| FR_001 | Rodriguez Rodriguez | Maria del Carmen          | 3615**** | B2 | 7,75 |
| FR_005 | Muñoz Agius         | Maria de los Desamparados | ****0181 | B2 | 7,50 |
| FR_002 | Alvarez Martinez    | Ana                       | 3945**** | B2 | 5,75 |

### **ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DAS 2 BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA O IDIOMA DE ALEMÁN COA ASIGNACIÓN ECONÓMICA INDIVIDUAL DE 1.700.-€**

| EXPTE  | APELIDOS        | NOME  | DNI      | NIVEL ACTUAL | PUNTOS |
|--------|-----------------|-------|----------|--------------|--------|
| AL_001 | Costas Gonzalez | Olaia | ****1764 | B2           | 9,00   |
| AL_002 | Alvarez Crespo  | Mayte | 5317**** | B1.2         | 7,75   |

### **ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DAS 14 BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA O IDIOMA DE ITALIANO COA ASIGNACIÓN ECONÓMICA INDIVIDUAL DE 1.700.-€**

| EXPTE  | APELIDOS            | NOME             | DNI      | NIVEL ACTUAL | PUNTOS |
|--------|---------------------|------------------|----------|--------------|--------|
| IT_005 | Botana Lopez        | Beatriz          | ****6144 | B2           | 11,25  |
| IT_003 | Lopez Santander     | Maria Inmaculada | 3603**** | C1           | 10,75  |
| IT_007 | Cerdeira Fernandez  | Andrea           | ****1774 | C1           | 10,50  |
| IT_014 | Montes Perez        | Maria Esther     | 3605**** | B2           | 10,50  |
| IT_009 | Soto Arca           | Monica Emilia    | ****4592 | B2           | 10,25  |
| IT_006 | Rial Conde          | Miguel Angel     | 3612**** | B2           | 9,50   |
| IT_012 | Barreiro Paz        | Laura            | ****8981 | B2           | 9,25   |
| IT_008 | Gonzalez Alvarez    | Silvia Maria     | 3606**** | B2           | 9,25   |
| IT_002 | Lopez Cabello       | Tania            | ****4599 | B2           | 9,00   |
| IT_004 | Iglesias Gonzalez   | Rosa Maria       | 3608**** | B2           | 8,25   |
| IT_015 | Blanco Outon        | Olga Maria       | ****1037 | B2           | 8,25   |
| IT_013 | Calvo Alonso        | Marta Maria      | 3610**** | B2           | 7,75   |
| IT_011 | Fernandez Fernandez | Ana Carolina     | ****3409 | C1           | 7,25   |
| IT_001 | Rodriguez Gonzalez  | Natalia          | 3598**** | B2           | 5,75   |

### **ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DE 8 BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA O IDIOMA DE PORTUGUÉS COA ASIGNACIÓN ECONÓMICA INDIVIDUAL DE 1.600.-€**

| EXPTE  | APELIDOS                  | NOME            | DNI      | NIVEL ACTUAL | PUNTOS |
|--------|---------------------------|-----------------|----------|--------------|--------|
| PO_005 | Rodriguez Lloves          | Alba            | ****2041 | C1           | 11,25  |
| PO_001 | Termenon Pintos           | Jose Luis       | 3605**** | B2           | 9,50   |
| PO_006 | Nicolas Ballesteros       | Iago            | ****9369 | B2           | 9,50   |
| PO_002 | Lopez Prada               | Maria Imaculada | 3330**** | B2           | 9,00   |
| PO_007 | Sanchez Dominguez         | Mirian          | ****2331 | B2           | 8,50   |
| PO_003 | Muñoyerro Ajuriagoxeascoa | Javier Aitor    | 1493**** | B2           | 8,50   |
| PO_008 | Aparicio Berjon           | Yolanda         | ****5872 | B2           | 8,00   |
| PO_009 | Boiso Suarez              | Marcelino       | 0972**** | B2           | 7,50   |

**ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DE 7 BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA O IDIOMA DE XAPONÉS COA ASIGNACIÓN ECONÓMICA INDIVIDUAL DE 2.000.-€**

| EXPTE  | APELIDOS          | NOME             | DNI      | NIVEL ACTUAL | PUNTOS |
|--------|-------------------|------------------|----------|--------------|--------|
| XA_004 | Gonzalez Perez    | Cora             | ****0243 | B1           | 11,25  |
| XA_005 | Santome Alonso    | Lisa Ines        | 3945**** | B1           | 10,75  |
| XA_003 | Muñoz Fernandez   | Andres           | ****7168 | B1           | 10,25  |
| XA_001 | Faro Avalor       | Mª Angeles       | 3617**** | B2           | 9,75   |
| XA_006 | Barciela Villar   | Maria Concepcion | ****2174 | B1           | 8,50   |
| XA_002 | Martinez Iglesias | David            | 5317**** | B1           | 8,00   |
| XA_007 | Regueira Gomez    | Beatriz          | ****5599 | B2           | 7,50   |

**ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DE 3 BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA O IDIOMA DE CHINÉS COA ASIGNACIÓN ECONÓMICA INDIVIDUAL DE 2.000.-€**

| EXPTE  | APELIDOS        | NOME          | DNI      | NIVEL ACTUAL | PUNTOS |
|--------|-----------------|---------------|----------|--------------|--------|
| CH_003 | Dominguez Pazos | Brais         | ****9351 | B1           | 10,75  |
| CH_001 | Piñeiro Burgos  | Maria del Mar | 3612**** | B1           | 7,50   |
| CH_002 | Gil Ruano       | Barbara       | ****5258 | B1           | 7,50   |

2º.- Excluir aos seguintes alumnos/as solicitantes da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV) polos motivos que se citan

**ALUMNADO EOIV DENEGADO COMO BOLSEIRO/A DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” IDIOMA DE INGLÉS**

| EXPTE  | APELIDOS     | NOME   | DNI      | MOTIVOS DE EXCLUSION |
|--------|--------------|--------|----------|----------------------|
| IN_001 | Vilar Blanco | Anibal | ****0605 | A                    |



## Concello de Vigo

|        |                  |      |          |   |
|--------|------------------|------|----------|---|
| IN_028 | Montes Rodriguez | Ruth | 3615**** | B |
| IN_050 | Nuñez Varela     | Sara | ****6680 | B |

### **ALUMNADO EOIV DENEGADO COMO BOLSEIRO/A DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” IDIOMA DE ITALIANO**

| EXPTE  | APELIDOS         | NOME    | DNI      | MOTIVOS DE EXCLUSION |
|--------|------------------|---------|----------|----------------------|
| IT_010 | Alonso Arozarena | Candela | 3946**** | A                    |

### **ALUMNADO EOIV DENEGADO COMO BOLSEIRO/A DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” IDIOMA DE PORTUGUÉS**

| EXPTE  | APELIDOS     | NOME      | DNI      | MOTIVOS DE EXCLUSION |
|--------|--------------|-----------|----------|----------------------|
| PO_004 | Santos Costa | Xoan Xosé | 3615**** | B                    |

### **ALUMNADO EOIV DENEGADO COMO BOLSEIRO/A DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” IDIOMA DE XAPONÉS**

| EXPTE  | APELIDOS       | NOME         | DNI      | MOTIVOS DE EXCLUSION |
|--------|----------------|--------------|----------|----------------------|
| XA_008 | Claro Quintans | Luis Ernesto | 3808**** | B                    |

\*Motivos de exclusión:

- A: por non cumprir o requisito 1.I. recollido na base quinta “beneficiarios e requisitos” da presente convocatoria, que di “estar empadroado no Concello de Vigo con vixencia mínima dende o 1 de xaneiro de 2018”
- B: por non cumprir o requisito 1.IV. recollido na base quinta “beneficiarios e requisitos” da presente convocatoria, que di “ter aprobados dous cursos oficiais presenciasis na EOI de Vigo nos últimos 5 anos no idioma no que solicita a bolsa”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(93).- RENUNCIA DA “AXUDA Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA 2018” OUTORGADA A TU REPARTIDOR, S.L. (EXPTE.15484/77) E A INFORMÁTICA TRAVESÍA, S.L. (EXPTE.15545/77). EXPTE. 15058/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 31/01/19 dáse conta do informe-proposta de data 15/01/19, asinado pola técnica de Administración Xeral, o xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, o concelleiro-delegado de Emprego, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa 2018.

### ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión extraordinaria e urxente do 20.09.2018, acordou, entre outras, conceder as axudas seguintes:

| Orde | Expte.   | Solicitante              | NIF       | Programa solicitado | Nº trabaladores | Transformc. contrato | Incremento colectivo |       | Xornada laboral | Axuda a conceder |
|------|----------|--------------------------|-----------|---------------------|-----------------|----------------------|----------------------|-------|-----------------|------------------|
|      |          |                          |           |                     |                 |                      | Muller               | VVD   |                 |                  |
| 29   | 15484/77 | Tu repartidor, SL        | B32435141 | Indefinidos         | 1               | 2.000,00 €           | 0,00€                | 0,00€ | 100%            | 2.000,00 €       |
| 46   | 15545/77 | Informática Travesía, SL | B27784834 | Indefinidos         | 1               | 2.000,00 €           | 0,00€                | 0,00€ | 100%            | 2.000,00 €       |

#### - Tu Repartidor, SL (expte. 15484/77)

Con data do 20.09.2018 e rexistro de saída número 27893 comunícaselle a concesión da axuda, o seu importe, e o prazo para a súa aceptación e presentación da documentación necesaria para a xustificación e pago da mesma.

Con data do 01.10.2018 e núm. de rexistro 180157383 a empresa Tu Repartidor, SL co NIF B32435141 presenta, dentro do prazo establecido ao efecto, a documentación necesaria para a xustificación e pago da axuda outorgada. Segundo o expediente 15711/77 de xustificación e pago da axuda.

Con data do 11.10.2018 e núm. de rexistro 180165215 a empresa Tu Repartidor, SL co NIF B32435141 presenta documento acreditativo da modificación da xornada laboral do





## Concello de Vigo

traballador polo que se lle concedera a axuda, quedando reducida ao 75% do total da xornada.

Con data 24/10/2018, o xefe do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, emite informe concluíndo que *á vista da comunicación presentada pola empresa interesada a través do documento núm. 180165215 e, en consonancia co disposto na base 2ª, apartados, a.2.7, a.4.2, a.4.3, a.4.5 e a.7 e a base 5ª a) da convocatoria, procede iniciar un expediente de perda parcial do dereito ao cobro da subvención outorgada e reducir un 75% o importe da axuda a 2.000,00€ outorgada, de acordo coa redución da xornada laboral do traballador, correspondendo unha axuda pro importe de 1.500,00€.*

Con data do 06/11/2018 e núm. de rexistro 180177579 a empresa Tu Repartidor, SL co NIF B32435141 presenta *“RENUNCIA A LA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POR CESE DEL TRABAJADOR SIN QUE SE PROCEDA A SU SUSTITUCIÓN”*

### **- Informática Travesía, SL (expte. 15545/77)**

Con data do 21.09.2018 e rexistro de saída número 27958 comunícaselle a concesión da axuda, o seu importe, e o prazo para a súa aceptación e presentación da documentación necesaria para a xustificación e pago da mesma.

Con data do 06.11.2018 e rexistro de saída número 36131 comunícaselle, ao abeiro do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu artigo 70.3 a ampliación dun prazo improrrogable de 15 días para que xustifique o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu a subvención e que a falla de presentación da xustificación no prazo establecido levará consigo á perda do dereito ao cobro desta subvención.

Con data do 08.11.2018 e núm. de rexistro 180179053 a empresa Informática Travesía, SL co NIF B27784834 presenta documento polo que *“Renuncia de forma expresa y voluntaria a la subvención concedida al amparo de dicho procedimiento debido al cierre del local en que prestaba servicios el trabajador por el que se solicitó y concedió la subvención y al consiguiente despido del mismo”.*

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

As Bases reguladoras e convocatoria do ano 2018 do programa de Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Víguesa, expediente 15058/77, establece:

- na Base 5ª b) Renuncia: *“O/a beneficiario/a poderá renunciar voluntariamente á subvención nas condicións que establece a normativa legal de aplicación; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC.”*

A Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece o seguinte:

–Artigo 84, establece que *“Pondrán fin al procedimiento la resolución, el desistimiento, la renuncia al derecho en que se funde la solicitud, cuando tal renuncia no esté prohibida por el ordenamiento jurídico, y la declaración de caducidad.”;*

–Artigo 94.1 “Todo interesado podrá desistir de su solicitud o, cuando ello no esté prohibido por el Ordenamiento Jurídico, renunciar a sus derechos.”

–Artigo 94.3 “Tanto el desistimiento como la renuncia podrán hacerse por cualquier medio que permita su constancia, siempre que incorpore las firmas que correspondan de acuerdo con lo previsto en la normativa aplicable.”

–Artigo 94.4. “La Administración aceptará de plano el desistimiento o la renuncia, y declarará concluido el procedimiento salvo que, habiéndose personado en el mismo terceros interesados, instasen éstos su continuación en el plazo de diez días desde que fueron notificados del desistimiento o renuncia”.

Xa que logo, resulta procedente aceptar a renuncia presentada por Tu Repartidor SL e por Informática Travesía SL e declarar concluido os seus procedementos.

A presente declaración de renuncia da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións; polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o acordo aos efectos oportunos.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL).

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

## **ACORDO**

1º. Aceptar a renuncia expresa e declarar concluido o procedemento iniciado de solicitude de subvención da Axuda á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa do ano 2018 da empresa Tu Repartidor SL, co NIF B32435141 por renuncia expresa presentada por Rexistro Xeral o 06/11/2018 co número de documento 180177579 (expediente 15711/77)



## Concello de Vigo

2º. Aceptar a renuncia expresa e declarar concluso o procedemento iniciado de solicitude de subvención da Axuda á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa do ano 2018 da empresa Informática Travesía SL, co NIF B27784834, por renuncia expresa presentada por Rexistro Xeral o 08/11/2018 co número de documento 180179053 (expediente 15545/77)

3º. A presente declaración de renuncia deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións; polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o presente acordo aos efectos oportunos.

4º. Notificar o presente acordo á/s interesada/s no expediente, con indicación de que contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(94).- REINTEGRO TOTAL DA “AXUDA Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA 2018” CONCEDIDA Á RAQUEL GARGAMALA RODRÍGUEZ. EXPTE. 16071/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29/01/19, dáse conta do informe-proposta de data 31/01/19, asinado pola técnica de Administración Xeral, o xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, o concelleiro-delegado de Emprego, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

- Bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa 2018.

## **ANTECEDENTES**

Con data do 08.06.2018 e núm. de rexistro 180088777 Raquel Gargamala Rodríguez co NIF 39460055J presentou solicitude de Axuda á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa do ano 2018 pola transformación a contrato indefinido dunha traballadora ao abeiro do Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos, expediente 15417/77.

Con data do 03.08.2018 e núm. de rexistro 180131652 Raquel Gargamala Rodríguez co NIF 39460055J informa do cambio de dirección do seu centro de traballo.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión extraordinaria e urxente do 20.09.2018, acordou concederlle unha axuda por importe de 2.500,00€.

Con data do 20.09.2018 e rexistro de saída número 27893 comunícaselle a concesión da axuda, o seu importe, e o prazo para a súa aceptación e presentación da documentación necesaria para a xustificación e pago da mesma.

Con data do 03.10.2018 e núm. de rexistro 180159812 Raquel Gargamala Rodríguez co NIF 39460055J presenta, dentro do prazo establecido ao efecto, a documentación necesaria para a xustificación e pago da axuda outorgada, segundo consta no expediente 15735/77 de xustificación e pago da axuda.

Con data do 12.12.2018 e núm. de rexistro 180197712 Raquel Gargamala Rodríguez co NIF 39460055J comunica a baixa voluntaria da traballadora pola que se lle concedera a axuda e informa que *"...la misma no ha sido sustituida por otra trabajadora con contrato indefinido.*

Por lo expuesto procede la devolución de la ayuda concedida, para lo cual solicito instrucciones a fin de reintegrarla a ese Concello."

Con data do 17.12.2018 o xefe do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local emite informe concluíndo que *"Á vista da comunicación presentada pola empresa interesada a través do documento núm. 180197712, e, en consonancia co disposto na base 2ª, apartados a.4.5 e a.5 e a base 5ª a da convocatoria, procede iniciar un expediente de revogación total da subvención outorgada e requirir o reintegro de 2.500,00€ correspondente á totalidade da axuda concedida ademais dos xuros de demora desde o momento do pago da subvención ata a data do acordo que adopte a Xunta de Goberno Local."*

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

As Bases reguladoras e convocatoria do ano 2018 do programa de Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa, expediente 15058/77, establece:

- na Base 2ª A, que segundo o apartado a.4.2 serán obrigas das persoas e/ou empresas beneficiarias da subvención: "Comunicar ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude da axuda e das que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas."



## Concello de Vigo

- na Base 2ª A, que segundo o apartado a.4.5 serán obrigas das persoas e/ou empresas beneficiarias da subvención: “Ter no seu cadro de persoal á persoa contratada durante un período mínimo dun ano desde a transformación da modalidade do contrato ou, de ser ao contrario, ter cumprido ás condicións da base 2ª, apartado a.7.”
- na Base 2ª A, apartado a.7. Alteración das condicións de concesión: “De ser o caso, deberá comunicarse o cese da actividade ou a modificación das condicións que deron lugar á concesión da subvención e, salvo causa xustificada, dará lugar ao reintegro da subvención na proporción que lle corresponda segundo a consecución do tempo do contrato ao abeiro do disposto no punto a.4.5.

No suposto de extinción da relación laboral da persoa pola que se lle concedeu a subvención, con independencia da causa, procederase á cobertura do seu posto por unha nova persoa traballadora por medio da transformación dun contrato temporal que estivese vixente na data de baixa da persoa traballadora substituída. De non ser isto posible, cunha nova contratación indefinida inicial realizada cunha persoa desempregada, dentro dos dez días seguintes ao cese, que resultará seleccionada entre as candidaturas proporcionadas polo Servizo Público de Emprego e/ou polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo aos que se solicitarán previamente.

No caso de que nin desde o servizo Público de Emprego de Galicia nin desde o servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, se subministrase persoa ningunha co perfil requirido como candidata para ocupar o posto de traballo vacante, admitirase á empresa beneficiaria a incorporación dunha nova persoa traballadora co mesmo perfil e características da persoa substituída pola que se lle tería concedido a axuda, ou ben reintegrarase o importe da subvención proporcional ao tempo no que a contratación deixa de ser efectiva segundo o disposto no punto a.4.5 e a LXS.

A nova contratación deberá ser comunicada ao servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e non dará lugar, en ningún caso, a unha nova subvención.”

- na Base 5ª a) Perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro: “O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, a insuficiente xustificación, así como a obtención concorrente doutras axudas compatibles ou incompatibles dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención.

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto nos artigos 36-37 da LXS e 32-33 da LSG. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

... O acordo da Xunta de Goberno Local que detemine a perda ou o reintegro total ou parcial da subvención, adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará ao/á beneficiario/a co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.”

#### **- Reintegro de subvencions:**

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro cando o/a beneficiario/a incorra nalgún dos casos previstos no art. 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencions (LXS) e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencions de Galicia.

O artigo 91 do Regulamento da LXS (aprobado mediante RD 887/2006, do 21 de xullo, RLXS), establece que o beneficiario deberá cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades, e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir cos compromisos asumidos con motivo da mesma. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos nas bases reguladoras da subvención.

O procedemento de reintegro da subvención é o establecido no artigo 42 da LXS. A tal efecto, o acordo da Xunta de Goberno Local que determine o reintegro da axuda concedida adoptarse previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á interesada co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións ou presentar a documentación que considere pertinente e que deberá constar no informe-proposta do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

Xa que logo, procedeuse mediante orde de inicio de expediente 16071/77, asinada polo concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos de data 17.12.2018, ao inicio do procedemento de reintegro da subvención outorgada mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 20.09.2018 a prol da entidade Raquel Gargamala Rodríguez, en concepto de axuda á contratación e mellora do emprego da mocidade viguesa 2018.

Mediante notificación asinada polo xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local en data 17.12.2018, efectuouse o trámite de audiencia e posta a disposición do expediente, a fin de que no prazo de dez días a entidade puidese achegar as alegacións e documentación que considerase oportunas.

O acuse de recibo do 19.12.2018 que obra no expediente deixa constancia da recepción da devandita notificación.

Con data do 19.12.2018 e núm. de rexistro 180203775 a entidade interesada declara *“Al respecto debo significar que no voy a presentar alegaciones por lo que deberán continuar con el trámite de devolución de la ayuda concedida, para lo cual solicito instrucciones a fin de reintegrarla a ese Concello.”*

Xa que logo, resulta procedente formular a proposta de acordo de reintegro total da subvención outorgada de acordo cos antecedentes e fundamentación que consta no expediente 16071/77, de xeito que:

–A empresa aceptou e xustificou a subvención outorgada polo que se procedeu ao seu pago na data do 09.11.2018.

–A transformación da modalidade de contrato da traballadora a indefinido realizouse con data do 01.04.2018.

–A baixa da persoa traballadora produciuse o 01.12.2018 sen que se procedera a súa substitución conforme á base 2ª, apartado a.5 Alteración das condicións de concesión. O



## Concello de Vigo

período transcorrido desde a transformación da modalidade de contrato é inferior a un ano polo que incumpre a base 2ª, apartado a.4.

–Ante a baixa voluntaria da traballadora comunicada no documento 180197712 a empresa informou segundo o establecido na base 2ª, apartado a.4.2.

Ao producirse a baixa da traballadora pola que se lle outorgou a axuda e dado que non se procedeu a súa substitución e que o tempo transcorrido desde a transformación do contrato temporal en indefinido é inferior a un ano segundo establecen as bases reguladoras e a convocatoria resulta procedente, en aplicación da base 5ª a), a revogación e o reintegro total da axuda concedida á empresa Raquel Gargamala Rodríguez por importe de 2.500,00€ e os xuros de mora desde o momento do pago da subvención ata a data da adopción do acordo de procedencia do reintegro na vindeira sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal, segundo a estimación que se achega na seguinte táboa:

|   |  |
|---|--|
| Data inicio do cálculo: <b>09/11/2018</b> | Importe para o cálculo: <b>2.500,00€</b> |
| Data fin do cálculo: <b>31/01/2019</b>    | Tipo deuda: <b>Reintegro</b>             |

| Data Inicio   | Data Vto.  | Días período | Tipo (%) | Principal (€) | Xuros (€)         |
|---------------|------------|--------------|----------|---------------|-------------------|
| 10/11/2018    | 31/01/2019 | 83           | 3,75     | 2.500,00      | 21,31             |
| <b>TOTAIS</b> |            |              |          |               | <b>2.521,31 €</b> |

A presente declaración de reintegro total da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións; polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o acordo aos efectos oportunos.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL).

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a

súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dítar e notificar a resolución.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19.06.2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

## **ACORDO**

**PRIMEIRO.-** Requirit o reintegro total da subvención por importe de 2.500,00€, outorgada á empresa Raquel Gargamala Rodríguez co NIF 39460055J mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 20.09.2018, e 21,31€ correspondentes aos xuros de demora xerados desde a data do pago da subvención ata a data da adopción do presente acordo (expte. 1607177), por incumprimento segundo a base 2ª A, apartados a.4.5 e a.7 e a base 5ª.a) ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria das Axuda á contratación e mellora do emprego da mocidade viguesa para o ano 2018.

A presente declaración de revogación e reintegro da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións, polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o acordo aos efectos oportunos.

**SEGUNDO.-** Dar conta á empresa do acordo adoptado, facendo constar que contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**TERCEIRO.-** Prazos para efectuar o aboamento (art. 62.2 LXT):

Si recibe esta notificación entre os días 1 e 15 de cada mes, ata o día 20 do mes posterior ou, se éste non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Si recibe esta notificación entre os días 16 e o último de cada mes, ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Advertencia:

Transcorridos os anteditos prazos de ingreso en período voluntario sen que se efectuase o ingreso da débeda, iniciárase o período executivo e a recadación efectuarase polo procedemento de constriximento sobre o patrimonio do obrigado ao pagamento, sendo esixibles neste suposto as recargas do período executivo, xuros de mora e costas do procedemento nos termos dos artigos 26 e 28 da LXT (art. 161 LXT).

## **Acordo**





## Concello de Vigo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(95).- PROPOSTA DE ACTUALIZACIÓN DAS TÁBOAS DE RETRIBUCIÓNS DE TÉCNICOS E XESTORES DO "ACORDO MARCO DE REGULACIÓN DAS CONDICIÓNS SOCIOLABORAIS DAS CONTRATACIÓNS REALIZADAS NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2004-2007". EXPTE. 16151/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 01/02/19, dáse conta do informe-proposta de data 30/01/19, asinado pola técnica de Administración Xeral, o xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, e o concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

#### **INFORME-PROPOSTA**

I. O Acordo marco de regulación das condicións socioeconómicas das contratacións realizadas ao abeiro do Plan municipal de emprego 2004-2007, que se atopa prorrogado para o presente ano, reflicte nos artigos 1º Contratos e retribucións (para traballadores/as beneficiarios/as dos programas de emprego) e 9º Contratos e retribucións (para técnicos/as e xestores/as) que as retribucións actualizáranse en función do IPC previsto para cada ano.

II. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 22 de novembro de 2018, adoptou o acordo de "Actualización salarial do persoal contratado polo Concello de Vigo, acollido ao "Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME (Exp.**15605/77**), derivadas da entrada en vigor da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, aplicando unha suba na porcentaxe do 1,5 % con efectos desde o 01/01/2018 e do 0,25 % adicional con efectos desde o 01/07/2018, a todos os traballadores e traballadoras contratados ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, agás ao persoal aos que lles resultou de aplicación a suba do salario mínimo interprofesional para o ano 2018 (peóns e auxiliares administrativos).

III. En **expte. 16.124/77**, remitiuse á Intervención Xeral Municipal en data 10/01/2019 o informe-proposta do xefe de servizo para actualizar as retribucións incluídas nas táboas salariais do "Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007", prorrogado para o presente ano, derivadas da entrada en vigor do Real Decreto 1462/2018, de 21 de decembro, que fixa o salario mínimo interprofesional para o ano 2019, aplicando unha suba con efectos desde o 01/01/2019, a todos os traballadores e traballadoras contratados ao abeiro do Plan Municipal de Emprego; que comporta un incremento salarial por importe total de **189.425,43 €** derivados da entrada en vigor de dita norma con cargo ás partidas indicadas a continuación:

- **VIGO EMPREGA:**

- **114.655,44 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310000 DUSI, OT9, LA 15 PROGRAMA EMPREGO INSERCIÓN LABORAL.

- **42.162,80 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600001 DUSI, OT9, LA 15 PLAN EMPREGO INSERCIÓN LABORAL, SEGURIDADE SOCIAL

- **“MELLORA DE ZONAS VERDES URBÁNS E BEIRARRÚAS NOS BARRIOS”:**

- **10.227,89€** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310006 "MELLORA DE ZONAS VERDES URBANAS E BEIRARRÚAS NOS BARRIOS"

- **4.439,90€** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600006 SEGURIDADE SOCIAL "MELLORA DE ZONAS VERDES URBANAS E BEIRARRÚAS NOS BARRIOS"

- **“CONTRATACIÓN VICTIMAS VIOLENCIA:”**

- **12.871,09€** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310001 “PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL MULLERES VICTIMA VIOLENCIA DE XÉNERO”:

- **5.068,31€** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600000 "SEGURIDADE SOCIAL EMPREGO”:

IV. No BOE núm. 312 do 27/12/2018, publicouse o Real Decreto-Ley 24/2018, do 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público, que establece no seu Art. 3 as Bases de coordinación da planificación xeral da actividade económica na materia de gastos de persoal ó servizo do sector público, dispoñendo no apartado Dous, que no ano 2019 as retribucións do persoal ó servizo do sector público non poderán experimentar un incremento superior ó 2,25% respecto das vixentes a 31 de decembro de 2018.

Tendo en conta esta disposición, cómpre a actualización e incremento do 2,25% en relación ás retribucións do persoal contratado con cargo ao PME - agás ao persoal beneficiario ao que lles resultou de aplicación a suba do salario mínimo interprofesional para o ano 2019 (en expte. 16.124/77)- resultando de aplicación con efectos desde o 01/01/2019 á categoría de **Técnicos e xestores, que** actualmente están contratados nos Obradoiro de Emprego en marcha **“Formaweb II” e “Vigo Capacita V”**, segundo os importes e desglose recollidos, segundo categoría profesional, nas táboas que se inclúen no Anexo I deste expediente.

De conformidade con anteriormente exposto, a tenor do previsto no artigo 127.1.h) da LMMGL, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Actualizar, de conformidade coa motivación anteriormente exposta, as retribucións incluídas nas táboas salariais do "Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007", prorrogado para o presente ano, derivadas da entrada en vigor do Real Decreto-Ley 24/2018, do 21 de



## Concello de Vigo

decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público, aplicando unha suba do 2,25% con efectos desde o 01/01/2019, a todos os traballadores e traballadoras contratados ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Técnicos e xestores, tal e como se amosa nas táboas que se inclúen no Anexo I deste expediente.

**SEGUNDO:** Aprobar o incremento salarial por importe total de **5.334,21 €** derivados da entrada en vigor de dita norma con cargo ás partidas indicadas a continuación:

- **OE FORMAWEB II:**

- **925,98 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310010 GASTOS PERSOAL "FORMAWEB II"
- **297,24 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600010 SEGURIDADE SOCIAL "FORMAWEB II"

- **OE VIGO CAPACITA V:**

- **3.112,03 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310011 GASTOS PERSOAL "OE VIGO CAPACITA V"
- **998,96 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600011 SEGURIDADE SOCIAL "OE VIGO CAPACITA V"

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dital e notificar a resolución.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### ANEXO I

Táboas retributivas do persoal acollido ao "Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007", derivadas da actualización salarial segundo Real Decreto-Ley

## TÉCNICOS E XESTORES:

| Categoría              | Nº Postos | Salario mes | Incremento Salarial | Salario mes Actualizado 01/01/19 | Prorrata pagas extras | Importe bruto mes | Base cotización | CNAE/Cód. Ocup. | % cotización | Grupo cotización | Cotización empresa SS | Custe total estimado | Custe postos/mes |
|------------------------|-----------|-------------|---------------------|----------------------------------|-----------------------|-------------------|-----------------|-----------------|--------------|------------------|-----------------------|----------------------|------------------|
| Titulado superior      | 1         | 1.865,51    | 41,97               | 1.907,48                         | 317,91                | 2.225,40          | 2.225,40        | 84              | 32,75        | 1                | 728,82                | 2.954,22             | 2.875,06         |
| Titulado medio         | 1         | 1.557,53    | 35,04               | 1.592,57                         | 265,43                | 1.858,00          | 1.858,00        | 84              | 32,75        | 2                | 608,50                | 2.466,50             | 2.400,41         |
| Experto docente        | 1         | 1.433,04    | 32,24               | 1.465,28                         | 244,21                | 1.709,50          | 1.709,50        | 84              | 32,75        | 3                | 559,86                | 2.269,36             | 2.208,55         |
| Oficial administrativo | 1         | 1.059,67    | 23,84               | 1.083,51                         | 180,59                | 1.264,10          | 1.264,10        | 84              | 32,75        | 5                | 413,99                | 1.678,09             | 1.633,13         |

### 9(96).- ABOAMENTO DAS DIETAS DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DE CAPATAZ DE DEPORTES OEP 2014/2015/2016. EXPTE. 33315/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28/01/19, dáse conta do informe-proposta de data 18/01/19, asinado pola técnica de formación e avaliación, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 21/03/2018, aprobou as bases xerais e específicas dos procesos selectivos das prazas vacantes contidas nas OEP 2014-2015-2016 (publicadas no BOP nº 60 de 26/03/2018), para a provisión en propiedade de prazas de funcionarios así como a contratación en réxime laboral fixo de prazas de persoal laboral vacantes no cadro de persoal do Concello de Vigo. Ditas bases xerais foron obxecto de fiscalización previa tal e como se desprende do expediente 31295/220 e cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.

Ademais, foi obxecto de fiscalización previa o informe-proposta das listas provisionais de admitidos e excluídos, composición dos órganos de selección e lugar e data da primeira das probas das que constan os distintos procesos selectivos, tal e como se desprende do expediente 32440/220, cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.

Na base VIII da convocatoria (8.4.6) establecíase que os dereitos económicos pola asistencia ás distintas sesións do órgano de selección, regularanse polo disposto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo. Os dereitos económicos dos asistentes ao órgano de selección, técnicos especialistas e administrativos rexeranse tamén polo dito real decreto e percibirán a mesma cantidade que a que corresponde a un vogal, sempre que a súa asistencia fose requirida polo/a presidente/a do citado órgano e así conste efectivamente na acta.



## Concello de Vigo

Rematado o proceso selectivo de CAPATAZ DE DEPORTES, o Secretario do Órgano de Selección remitiu a esta Área de Recursos Humanos e Formación certificación contendo a relación de membros do referido órgano de selección.

A referida certificación importa un total de 1.673,75 €, debéndose aplicar con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, segundo relación seguinte:

D. núm. Persoal 16283, presidente titular, con DNI \*\*\*\*0789\*, sete asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 299,81 €.

D. núm. Persoal 17495, secretario titular, con DNI nº \*\*\*\*3156\*, sete asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 299,81 €.

D. núm. Persoal 60601, vogal do órgano de selección, con DNI nº 3349\*\*\*\*, sete asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 278,49 €

D. núm. Persoal 60137, vogal do órgano de selección, con DNI nº 36\*\*\*\*85\*, dúas asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 79,56 €

D. núm. Persoal 16350, vogal do órgano de selección, con DNI nº 34\*\*07\*\*\*, cinco asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 198,9 €

D. núm. Persoal 13764, vogal do órgano de selección, con DNI nº 3602\*\*\*\*, sete asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 278,49 €

D. núm. Persoal 23840, asesora especialista, con DNI nº \*\*\*\*4893\*, unha asistencia de 39,78 € cada unha, importa un total de 39,78 €

D. núm. Persoal 22390, asesor especialista, con DNI nº 36\*\*\*\*74\*, unha asistencia de 39,78 € cada unha, importa un total de 39,78 €

D<sup>a</sup>. núm. Persoal 83599, asistencia técnico-administrativa, con DNI 39\*\*\*\*37\*, dúas asistencias de 39,78 €. importa un total de 79,56 €.

D<sup>a</sup>. núm. Persoal 82190 asistencia técnico-administrativa, con DNI 3613\*\*\*\*, dúas asistencias de 39,78 €. importa un total de 79,56 €

Á vista de todo o exposto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a certificación da Secretaria do órgano de selección encargado de xulgar as probas selectivas para para a provisión en propiedade dunha praza de Capataz Deportes correspondente á OEP 2014-2015-2016 e as competencias recollidas no artigo 127.1. h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“Compromete-lo gasto de 1.673,75 €, con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, recoñecer a obriga e declara-lo abono das cantidades que se indican a continuación aos perceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto que se expresa:

D. núm. Persoal 16283, presidente titular, con DNI \*\*\*\*0789\*, sete asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 299,81 €.

D. núm. Persoal 17495, secretario titular, con DNI nº \*\*\*\*3156\*, sete asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 299,81 €.

D. núm. Persoal 60601, vogal do órgano de selección, con DNI nº 3349\*\*\*\*, sete asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 278,49 €

D. núm. Persoal 60137, vogal do órgano de selección, con DNI nº 36\*\*\*\*85\*, dúas asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 79,56 €

D. núm. Persoal 16350, vogal do órgano de selección, con DNI nº 34\*\*07\*\*\*, cinco asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 198,9 €

D. núm. Persoal 13764, vogal do órgano de selección, con DNI nº 3602\*\*\*\*, sete asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 278,49 €

D. núm. Persoal 23840, asesora especialista, con DNI nº \*\*\*\*4893\*, unha asistencia de 39,78 € cada unha, importa un total de 39,78 €

D. núm. Persoal 22390, asesor especialista, con DNI nº 36\*\*\*\*74\*, unha asistencia de 39,78 € cada unha, importa un total de 39,78 €

D<sup>a</sup>. núm. Persoal 83599, asistencia técnico-administrativa, con DNI 39\*\*\*\*37\*, dúas asistencias de 39,78 €. importa un total de 79,56 €.

D<sup>a</sup>. núm. Persoal 82190 asistencia técnico-administrativa, con DNI 3613\*\*\*\*, dúas asistencias de 39,78 €. importa un total de 79,56 €."

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(97).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE RECURSOS DE REPOSICIÓN INTERPOSTOS CONTRA ACORDO DA XGL DE 23/11/18 QUE APROBA OEP 2018 (PROVISIÓN DE TRES PRAZAS DE BOMBEIRO POLO SISTEMA DE PROMOCIÓN INTERNA). EXPTE. 33207/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 01/02/19, asinado pola técnica de Administración, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

I.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 23 de novembro de 2018, adoptou o seguinte acordo: aprobar a Oferta de Emprego Público do Concello de Vigo para o ano 2018. Expte: 31180/220. (BOP nº 227- de 26 de novembro.

II.- Na data 18/12/2018, a sección da Sección Sindical da CIG do Concello de Vigo, interpón recurso de reposición contra o citado acordo (nº doc. 180201279).



## Concello de Vigo

Na data 21/12/2018, os condutores bombeiros NP 76516, NP 83719, NP 83720, NP 76515, interpón recurso de reposición contra o citado acordo nos mesmo términos que o anterior ( nº doc. 180204452).

III.- Solicitado o 21/12/2018 informe técnico “aos efectos de que se inclúa a motivación, dende un punto de vista da avaliación técnica organizativa e de planificación do Servizo de Extinción de Incendios, das razóns organizativas para convocar, pola quenda de promoción interna, das tres prazas de bombeiros que se inclúen na OEP 2018”, o mesmo é emitido o 24/01/2019.

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN.**

I.- Constitución española

II.- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

III.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

IV.- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, Texto Refundido del Estatuto Básico do Empregado Público.

V.- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública.

VI.- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

VII.- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración local.

VIII.- Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

IX.- Regulamento do Servizo de Extinción de Incendios do Concello de Vigo.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS:**

#### **I.- Lexitimación e prazo.**

En canto á lexitimación para interpor o recurso de reposición, dispón o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local que, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa, poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdicción competente, podendo non obstante, interpor con carácter previo e potestativo recurso de reposición.

No mesmo sentido o artigo 112 da Lei 39/2015 determina que conta as resolucións e os actos de trámite cualificados poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición.

No caso que nos ocupa é indubidable a lexitimación do Sindicato recorrente para impugnar os actos obxecto de recurso, dada a directa vinculación da actividade dun sindicato que representa o persoal que presta seus servizos no Concello de Vigo, con un acordo da Xunta de Goberno local de aprobación da Oferta de Emprego Público 2018.

Igualmente están lexitimados os condutores bombeiros en canto titulares de posibles intereses que poden verse afectados polo acordo.

O prazo de impugnación é de un mes (artigo 124 da lei 39/2015) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado, prazo respectado polo recorrente, en tanto que o 26/11/2018, foi publicado o acordo agora impugnado, presentando o recurso o día 18/12/2018 e 21/12/2018.

Resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítese ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica a *sensu contrario*.

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

## **II.- Alegacións.**

Os recorrentes interpoñen recurso alegando a imposibilidade de promoción interna nas prazas de bombeiros por disposición legal.

No expediente 32721-220 (trámite 17) foi emitido informe xurídico intimamente vinculado á cuestión que agora nos ocupa e que aos efectos oportunos reproducimos a continuación:

“I. Solicítase pola Xefatura da Área informe xurídico “a viabilidade legal da provisión de prazas de bombeiro e de conductor-bombeiro vacantes no SEIS a través de procedementos de promoción interna entre o persoal municipal”.

Con carácter previo resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-xurídico emítese ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica a *sensu contrario*.

## **II.- Normativa sobre a promoción interna con carácter xeral**

O artigo 92 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Lei de Bases de Réxime local dispón “Los funcionarios al servicio de la Administración local se rigen, en lo no dispuesto en esta Ley, por la Ley 7/2007 de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público, por la restante legislación del Estado en materia de función pública, así como por la legislación de las Comunidades Autónomas, en los términos del artículo 149.1.18ª de la Constitución.”





## Concello de Vigo

Polo tanto, se terá en conta a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local, o RDL 5/2015, de 30 de outubro, Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, a Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración local e a Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

A carreira profesional ven regulada no Título III do TREBEP, debendo considerarse que as previsións contidas nos Capítulos II e III de dito Título III, excepto o artigo 25.2 -relativo ao dereito á percepción da antigüidade polos funcionarios interinos- e o Capítulo III do Título V unicamente producirán efectos a partir da entrada en vigor das Leis de Función Pública que se diten en desenvolvemento, conforme ao establecido

na disposición final cuarta, apartado 2, do propio TREBEP.

O TREBEP, seguindo as recomendacións do Informe da Comisión de Expertos encargada da redacción do borrador técnico do EBEP, regula a promoción interna como unha forma de progresión e por elo está integrada dentro das diferentes modalidades modalidades de carreira (arts. 16.3 y 18 TREBEP), mantendo a tradicional distinción entre promoción interna vertical (que consiste en o ascenso dende un corpo ou escala dun Subgrupo, ou Grupo de clasificación profesional no suposto de que éste non teña Subgrupo, a outro superior – artigo . 16.3.c TREBEP) e promoción interna horizontal (que consiste no acceso a corpos ou escalas do mesmo Subgrupo profesional - art. 16.3 d) EBEP ).

Polo tanto o 16 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto do Empregado Público (TREBEP), permite, tanto a promoción interna vertical a corpos ou escalas pertencentes a un subgrupo ou grupo de titulación superior, como a promoción interna horizontal a corpos ou escalas dentro do mesmo subgrupo profesional, sempre que se garantan os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade e se cumpran os requisitos legalmente esixidos pola normativa en materia de función pública que resulte de aplicación.

Mantense a lóxica esixencia da LMRFP (art. 22) de que a promoción interna se realizará mediante procesos selectivos que garanten o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como dos demais principios esixidos no proceso de selección (art. 55.2 TREBEP). Elo o cual esixe superar as correspondentes probas selectivas (art. 18.2 TREBEP), o que obriga a unha necesaria xustificación da exención de materias o probas e a unha motivada valoración dos méritos; e todo elo debe constar na correspondente convocatoria coa finalidade de permitir un control por todos aqueles interesados, tanto da quenda libre como da promoción interna, así como de calquera outro interesado.

Para participar na promoción interna os funcionarios deberán reunir os seguintes requisitos (art.18 TREBEP) :

“1. La promoción interna se realizará mediante procesos selectivos que garanticen el cumplimiento de los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad así como los contemplados en el artículo 55.2 de este Estatuto.

2. Los funcionarios deberán poseer los requisitos exigidos para el ingreso, tener una antigüedad de, al menos, dos años de servicio activo en el inferior Subgrupo, o Grupo de

clasificación profesional, en el supuesto de que éste no tenga Subgrupo y superar las correspondientes pruebas selectivas.

3. Las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto articularán los sistemas para realizar la promoción interna, así como también podrán determinar los cuerpos y escalas a los que podrán acceder los funcionarios de carrera pertenecientes a otros de su mismo Subgrupo.

Asimismo las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo del presente Estatuto podrán determinar los cuerpos y escalas a los que podrán acceder los funcionarios de carrera pertenecientes a otros de su mismo Subgrupo.

4. Las Administraciones Públicas adoptarán medidas que incentiven la participación de su personal en los procesos selectivos de promoción interna y para la progresión en la carrera profesional.”

A DT 3ª do mesmo corpo legal, leva por rúbrica “Entrada en vigor de la nueva clasificación profesional” e dispón que:

“1. Hasta tanto no se generalice la implantación de los nuevos títulos universitarios a que se refiere el artículo 76, para el acceso a la función pública seguirán siendo válidos los títulos universitarios oficiales vigentes a la entrada en vigor de este Estatuto.

2. Transitoriamente, los Grupos de clasificación existentes a la entrada en vigor de la Ley 7/2007, de 12 de abril, se integrarán en los Grupos de clasificación profesional de funcionarios previstos en el artículo 76, de acuerdo con las siguientes equivalencias:

Grupo A: Subgrupo A1.

Grupo B: Subgrupo A2.

Grupo C: Subgrupo C1.

Grupo D: Subgrupo C2.

Grupo E: Agrupaciones Profesionales a que hace referencia la disposición adicional sexta.

3. Los funcionarios del Subgrupo C1 que reúnan la titulación exigida podrán promocionar al Grupo A sin necesidad de pasar por el nuevo Grupo B, de acuerdo con lo establecido en el artículo 18 de este Estatuto.”

No ámbito da nosa Comunidade Autónoma, e en desenvolvemento do TREBEP a Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, no artigo 80 ocúpase da Promoción interna vertical do persoal funcionario de carreira, así:

“Nas convocatorias de probas selectivas para o acceso á función pública, un mínimo dun vinte e cinco por cento das prazas convocadas reservarase para persoal funcionario pertencente a corpos ou escalas do subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que este non teña subgrupo, inmediatamente inferior que reúna os seguintes requisitos:

a) Posuír a titulación e os demais requisitos exixidos.

b) Ter prestado servizos efectivos na condición de persoal funcionario durante polo menos dous anos no subgrupo ou grupo de clasificación profesional desde o que se pretenda promocionar.



## Concello de Vigo

c) Non superar a idade de xubilación forzosa. As prazas reservadas para a promoción interna que non se cubran por este procedemento acumularanse ás de provisión libre, sempre que se trate dun proceso selectivo único rexido por unha mesma convocatoria.

2. Así mesmo, o persoal funcionario dos corpos ou escalas do subgrupo de clasificación profesional C1 pode participar nos procesos de promoción interna para o acceso aos corpos ou escalas do subgrupo A2, sempre que cumpra os requisitos establecidos na alínea anterior. Nas mesmas condicións, o persoal funcionario das agrupacións profesionais de persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia pode participar nos procesos de promoción interna para o acceso aos corpos ou escalas do subgrupo C2.

3. As convocatorias dos procesos selectivos poderán eximir total ou parcialmente o persoal que participe neles polo sistema de promoción interna vertical dalgunha das probas selectivas exixidas ao persoal de novo ingreso e/ou reducir parte do temario. En todo caso, as probas para cubrir as prazas reservadas para a promoción interna vertical respectarán os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como os demais establecidos nos artigos 49 e 55 desta lei, e poderanse levar a cabo en convocatorias independentes das de ingreso cando, por conveniencia da planificación xeral dos recursos humanos, así o autorice o Consello da Xunta de Galicia ou o órgano competente da Administración pública respectiva. Cando os procesos selectivos a que se refire este artigo comprendan a valoración de méritos das persoas que participen neles polo sistema de promoción interna preverase unha puntuación específica para quen estea a utilizar ou utilizase nos últimos cinco anos unha licenza de maternidade, un permiso de paternidade, unha redución de xornada ou unha excedencia para o coidado de familiares. A devandita puntuación graduarase en función do tempo utilizado no exercicio deses dereitos.

4. O persoal funcionario que acceda a outro corpo ou escala polo sistema de promoción interna vertical ten preferencia sobre o persoal de novo ingreso na provisión dos postos vacantes ofertados, sempre que se trate dun proceso selectivo rexido por unha mesma convocatoria. Malia o anterior, a convocatoria do proceso selectivo poderá prever a permanencia no posto de traballo do persoal que promociione, cando ocupe con carácter definitivo un posto aberto á provisión polo corpo ou a escala a que acceda.

5. O persoal funcionario que acceda a outro corpo ou escala polo sistema de promoción interna vertical ten dereito ao recoñecemento, nos termos que regulamentariamente se determinen, da progresión na carreira profesional que acadase no corpo ou escala de procedencia e a manter o nivel retributivo vinculado a esa progresión. Asemade, o tempo de servizos prestados no corpo ou escala de procedencia será aplicable, de ser o caso, para a progresión na carreira profesional no novo corpo ou escala. O previsto nesta alínea é tamén aplicable ao persoal funcionario que acceda por integración a outro corpo ou escala do mesmo ou superior subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que este non teña subgrupo.”

Obvio é que previamente á convocatoria, a Oferta de Emprego Público que aprobe o Concello, deberá incluír as prazas establecendo o sistema de acceso por promoción interna, e a estes efectos é preciso recordar que de conformidade co artigo 19 da Lei 6/2018, de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2018, que regula a aprobación da Oferta de Emprego Público, no apartado 7 “in fine”, establece que “No computarán dentro del límite máximo de plazas derivado de la tasa de reposición de efectivos las plazas que se

convoquen para su provisión mediante procesos de promoción interna y las correspondientes al personal declarado indefinido no fijo mediante sentencia judicial.”

### **III.- A provisión de prazas de bombeiro e de condutor-bombeiro existentes no SEIS a través de procedementos de promoción interna entre o persoal municipal.**

Entendo que toda a normativa exposta no apartado anterior, a data de emisión do presente informe, é de aplicación á provisión das prazas de bombeiros a través de procesos de promoción interna entre persoal municipal, xa que logo non se desenvolveron normas específicas que sexan de aplicación no noso territorio que desvirtúen a aplicación da normativa establecida con carácter xeral para todos os funcionarios públicos de carreira. Elo a diferencia de outras Comunidades Autónomas que si ten aprobado normativa específica regulando concreta e detalladamente o acceso e promoción interna do corpo de bombeiros, tal é o caso, a título de exemplo da Comunidade autónoma de Madrid (Decreto Legislativo 1/2006, de 28 de setembro, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley por la que se regulan los Servicios de Prevención, Extinción de Incendios y Salvamentos de la Comunidad de Madrid).

O Regulamento do Servizo de Extinción de Incendios do concello de Vigo tampouco dispón regulación específica en relación coa promoción interna, dedicando na sección 2ª do capítulo II, o artigo 9 ao ingreso no corpo, afirmando que:

“O ingreso no corpo de bombeiros farase mediante os sistemas legalmente previstos e garantíndose os principios de igualdade, capacidade, mérito e publicidade.

As probas serán de carácter teórico-práctico, e deberán acreditarse aquelas cualidades físicas, intelectuais e profesionais que esixen as peculiares misións do corpo...”

Solicitado informe ao xefe de bombeiros, sobre si a provisión das prazas a través de procedementos de promoción interna, podería afectar a calidade do servizo, se informa o seguinte. “En relación co solicitado por esa área con data 30 de outubro actual (Exp. 32721-220), esta xefatura de Bombeiros informa o seguinte: Ao longo da historia deste Servizo de Bombeiros leváronse a cabo diferentes Ofertas públicas de emprego a través dunha convocatoria de promoción interna.

En ningún caso, o persoal que foi integrado neste servizo, de diferentes departamentos como Parque Móbil ou Policía Local, presentou ningún tipo de dificultade no desenvolvemento traballo , sendo o rendemento esixido segundo as circunstancias presentadas en materia de intervención de plena satisfacción por parte desta xefatura . A última convocatoria por promoción interna fíxose no ano 1998, onde se incorpora dende a Policía Local o condutor-bombeiro Modesto, Vázquez Pazó. As esixencias das bases para a promoción interna, tanto de bombeiro como condutor-bombeiro deberían ser como mínimo as esixidas nesa oposición , tanto no ámbito teórico como práctico.”

Ao manifestado anteriormente, cabería engadir a motivación dende un punto de vista da avaliación técnica organizativa e de planificación do Servizo de Extinción de Incendios, das razóns organizativas para convocar, pola quenda de promoción interna, as tres prazas de bombeiros que se inclúen na OEP 2018. No informe técnico emitido neste expediente -trámite 22-, (ademais de reproducir literalmente os fundamentos xurídicos anteriores correspondentes a un informe emitido pola subscribinte no expediente 32721-220 a



## Concello de Vigo

solicitud da Xefatura da Área, e que nada engaden e exceden do solicitado -motivación técnica-), se fai constar que a proposta realízase "... tendo en conta o criterio de oportunidade, a vista da limitación fixada, en canto a taxa de reposición de efectivos, pola Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, entendéndose a conveniencia de cubrir a totalidade das prazas vacantes no Servizo de Extinción de Incendios, que tal e como consta nos diferentes escritos que obran nesta Área e nos que se insta a utilización de todos os instrumentos de xestión de RRHH legalmente dispoñibles, e utilízalos de xeito flexible para comenzo a reverter a precaria situación do Servizo de Extinción de Incendios en canto a falta de efectivos, solicitude realizada así mesmo pola representación sindical segundo consta nas súas actas da súa Comisión Permanente de datas 21 e 28 de febreiro de 2018 e tendo en conta o dereito dos funcionarios públicos establecida no TREBEP a promoción interna."

Por outra banda o Informe da Comisión de Expertos para o estudo e preparación do EBEP se recolle en relación coa promoción interna que: "En primer lugar, es preciso destacar que la promoción interna debe ofrecer oportunidades semejantes, dentro del mismo nivel de cualificación y la misma especialización, a quienes tengan el estatuto de funcionarios públicos como a los empleados públicos con contrato laboral. Desde este punto de vista, conviene destacar la posibilidad de promoción desde la condición de empleado laboral a cuerpos, escalas y grupos de funcionarios, con los requisitos y mediante las pruebas correspondientes. Esto último es lo que se viene denominando "promoción cruzada", que el Estatuto Básico debería contemplar como posible. *Por otra parte, como venimos señalando, en todo lo que se refiere al sistema de promoción profesional, carrera y provisión de puestos, cada Administración debe gozar de un margen de autonomía imprescindible para atender a sus propias necesidades. De lo que se deduce que la regulación a incluir en el Estatuto Básico debe ser muy general y no coartar indebidamente tales posibilidades de adoptar políticas de personal propias.*" Consecuencia de elo, o artigo 18 do TREBEP anteriormente transcrito, ten unha redacción de carácter xeralista, indicando no seu parágrafo 4. "Las Administraciones Públicas adoptarán MEDIDAS que incentiven la participación de su personal en los procesos selectivos de promoción interna y para la progresión en la carrera profesional."

En base a esto as bases reitoras dos procesos selectivos de este concello, a título de exemplo (OEPs 2014-2015-2016) contemplan especificamente en cuanto á promoción interna o seguinte:

### "12.2 Réxime de promoción interna:

"a) Poderán participar nas probas de promoción interna o persoal municipal deste Concello, que non se atope en situación administrativa de suspensión firme, sempre que teñan unha antigüidade de cando menos 2 anos no corpo ou escala á que pertencen, o día da finalización do prazo de presentación das solicitudes de participación, e posuír a titulación e o resto dos requisitos establecidos con carácter xeral para o acceso ao corpo ou escala no que aspiran ingresar.

b) Establécese como sistema de promoción o concurso-oposición, agás que por imperativo legal se esixa outro."

También se recoge en todas las bases -y, en concreto, en las indicadas- la siguiente previsión:

"Sen prexuízo do que se estableza nas Leis de Función Pública que se ditén no seu desenvolvemento, o artigo 16 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto do Empregado Público (TREBEP), permite, tanto a promoción interna vertical a corpos ou escalas pertencentes a un subgrupo ou grupo de titulación superior, como a promoción interna horizontal a corpos ou escalas dentro do mesmo subgrupo profesional, sempre que se garantan os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade e se cumpran os requisitos legalmente esixidos pola normativa en materia de función pública que resulte de aplicación."

Atendendo aos fundamentos xurídicos anteriores, e visto o Recurso interposto e de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas, e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte

#### PROPOSTA DE ACORDO:

**Primeiro.-** Desestimar, de conformidade cos informes emitidos no expediente, e pola motivación legal exposta, os recursos presentados pola sección da Sección Sindical da CIG do Concello de Vigo (doc nº 180201279) e os condutores bombeiros NP 76516, NP 83719, NP 83720, NP 76515 (doc nº 180204452).

**Segundo.-** Notificar o presente acordo aos recorrentes, ao Comité de Persoal, Intervención Xeral, e ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación aos efectos oportunos.

Contra a presente resolución, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(98).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO "PROXECTO MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO NA AVDA. RAMÓN NIETO MARXE IMPAR DENDE O N.º 245 Á RÚA SUBRIDE (PLAN DE INVERSIÓN DE AQUALIA.). EXPTE. 5035/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 28/01/19, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Xurídico de Servizo Xerais, e polo concelleiro-delegado de Fomento que di o seguinte:



## Concello de Vigo

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 21 de novembro de 2011, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período de cinco anos, a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato; acordo, cuxo apartado terceiro, no epígrafe «Outros investimentos», contempla a obriga da concesionaria de levar a cabo, na contía e prazos que no mesmo se sinalan, aquelas actuacións que se consideren de urxencia e execución inaprazable pola Xunta de Goberno Local, previo informe dos servizos técnicos municipais.

II.- Con data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou prestar aprobación á ordenación do procedemento a seguir nas obras arriba referidas, que se incluírían no Plan de Investimentos da Concesión da Xestión Integral do Servizo Público de Abastecemento e Saneamento de Augas de Vigo, así como os gastos repercutibles ao Concello; procedemento e gastos repercutibles que se especifican no apartado III c) da parte expositiva do mesmo acordo e dos que se deu conta á concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE, para a súa observancia e estrito cumprimento.

En sesión de 22 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria.

III.- Con data 15 de novembro de 2017 os enxeñeiros municipais, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños emitiron informe sobre a necesidade de iniciar a actuación de mellora da rede de abastecemento na Av. Ramón Nieto marxe impar dende o número 245 ata a rúa Subride; informe á vista do cal o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, por medio de Orde de Servizo de data 17 de novembro de 2017, resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto de obras, que deu lugar á resolución da Xunta de Goberno Local de data 11 de xaneiro de 2018, na que se acordou encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de “Mellora da rede de abastecemento na Av. Ramón Nieto, marxe impar, dende o número 245 ata a Rúa Subride”.

IV.- Con data 4 de outubro de 2018, Aqualia-FCC Vigo UTE presentou o proxecto técnico das obras de “Mellora da rede de abastecemento na Av. Ramón Nieto, marxe impar, dende o número 245 ata a Rúa Subride”, redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Casimiro Fontenla Bugallo, colexiado nº 711, cun presuposto de douscentos noventa e nove mil vintedous euros con setenta e dous céntimos (299.022,72 euros) IVE excluído e un prazo de execución de TRES MESES (3). O proxecto consta de memoria, planos, prego de prescricións técnicas e orzamento.

V.- Con esta mesma data a Concesionaria presentou o detalle dos custos asociados ao referido proxecto (redacción do proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde) por un importe de 12.551,41 euros, IVE excluído, que foron informados favorablemente, en data 8 de outubro de 2018, polos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños.

VI.- Mediante Acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de novembro de 2018 se acordou a a Aprobar o proxecto técnico e costes asociados para a execución das obras de **“MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO NA AV. RAMÓN NIETO, MARXE IMPAR, DENDE O NÚMERO 245 ATA A RÚA SUBRIDE”**, por un importe total de 299.022,72 euros (IVE excluído) e 12.551,41 euros de costes asociados con exclusión do IVE

VII.- En data 25 de xaneiro de 2019, Aqualia-FCC Vigo UTE presenta a documentación referida as características do contrato de obra, requirida no Acordo da Xunta de Goberno de data 8 de marzo de 2013, o que se fai referencia no Expositivo II. En concreto:

- Código do proxecto: Expte. 5.035/440
- Nome e razón social do adxudicatario: Sociedad Española de Aguas Filtradas, S.A.
- NIF: A28223741.
- Presuposto de execución material: 251.279,59 €
- Presuposto de contrata: 299.022,72 € (IVE excluído).
- Prazo de execución: 3 mes.
- Data inicio obra: El día de la firma de comprobación de replanteo.
- Clasificación do contratista: Non se exige.
- Prazo de garantía: 2 anos.
- Asistencia técnica: ESINPRO
- Coordinación de Seguridade e Saúde: D. Oscar Pereiro Taibo CSM

De acordo co exposto, propónse á Xunta de Goberno Local:

1.- Quedar enteirada da tramitación do seguinte expediente "MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO NA AV. RAMÓN NIETO, MARXE IMPAR, DENDE O NÚMERO 245 ATA A RÚA SUBRIDE", cos datos requeridos no apartado III.c do Acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de marzo de 2013, que aproba o procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **12(99).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE ASENTOS PARA A GRADA DE RÍO BAIXO NO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAÍDOS. EXPTE. 23/441.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 04/01/19, de fiscalización do 01/02/19, dáse conta do informe-proposta de data 04/01/19, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-





## Concello de Vigo

delegado de Fomento, e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo, en sesión de 27 de decembro de 2.017 recolle a aplicación 9330.630010 “Investimentos Mellora E.M. Balaídos”. Trátase dunha actuación derivada do “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra para a realización das obras de remodelación do Estadio de Balaídos” asinado en data 8 de xullo de 2.015.

En data 27 de setembro de 2017 a Xunta de Goberno Local aprobou a proposta de “Addenda para a adecuación financeira e o prazo do convenio de Colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra para a realización das obras de remodelación do Estadio Municipal de Balaídos”.

Na devandita addenda, adecúanse os compromisos económicos inicialmente pactados entre as partes para a execución dos proxectos de obras de remodelación das gradas de Río e Tribuna do Estadio de Balaídos. Adecúase, así mesmo o prazo de vixencia do convenio, no que se refire á execución de proxectos de obras para a remodelación das gradas de Río e Tribuna do Estadio de Balaídos, ampliándoo ata o día 31 de decembro de 2.019. En concreto, respecto á Grada de Río, establécese o crédito necesario para realizar un proceso de licitación individualizado para a colocación dos asentos na grada de Río Baixo.

2.- Coa finalidade de realizar a devandita substitución de asentos na grada de Río Baixo, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Limpeza e Contratación, en data 28.08.2018, resolveu iniciar expediente para a contratación do subministro e instalación dos asentos da grada de Río Baixo do Estadio Municipal de Balaídos.

2.1.- En relación ao subministro de asentos, os Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos D. Jerónimo Centrón Castaños e D. Xacobe Paz Salgado redactaron o prego de Prescricións Técnicas Particulares, que determinan as condicións para o subministro dos asentos necesarios nesta actuación, cun orzamento base de licitación, máis IVE, de DOUSCENTOS NOVENTA MIL TRESCENTOS SESENTA E CINCO EUROS CON UN CÉNTIMO (290.365,01 EUROS), asinado polos técnicos municipais en data 20.11.2018.

2.2.- En relación as obras, os Enxeñeiros Municipais de Camiños, Canais e Portos D. Jerónimo Centrón Castaños e D. Xacobe Paz Salgado procederon á redacción do correspondente proxecto de “INSTALACIÓN DE ASENTOS PARA A BANCADA DE RIO BAIXO NO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIIDOS”, cun orzamento base de licitación, máis IVE, de DOUSCENTOS SESENTA E DOUS MIL CENTO DOCE EUROS CON VINTE E NOVE CÉNTIMOS (262.112,29 EUROS), asinado polos técnicos municipais en data 30.05.2018.

3.- Previo informe da Oficina de supervisión de proxectos de data 31.05.2018, a Xunta de Goberno Local en sesión de data 05.07.2018 acordou aprobar o proxecto de “**INSTALACIÓN DE ASENTOS PARA A BANCADA DE RIO BAIXO NO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIIDOS**”, redactado polos Enxeñeiros Municipais de Camiños, Canais e Portos D. Jerónimo Centrón Castaños e D. Xacobe Paz Salgado, cun orzamento base de

licitación máis IVE de DOUSCENTOS SESENTA E DOUS MIL CENTO DOCE EUROS CON VINTE E NOVE CÉNTIMOS (262.112,29 EUROS) e sinatura dixital de data 30.05.2018.

**4.-** Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente número 3819/443 correspondente ao proxecto de obras a executar, no que se inclúe o correspondente Prego de Prescricións Técnicas Particulares da execución da obra.

No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) Proxecto de “INSTALACIÓN DE ASENTOS PARA A BANCADA DE RÍO BAIXO NO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAÍDOS” aprobado pola XGL en sesión de data 05.07.2018 e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polos Enxeñeiros Municipais de Camiños, Canais e Portos D. Jerónimo Centrón Castaños e D. Xacobe Paz Salgado, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS SESENTA E DOUS MIL CENTO DOCE EUROS CON VINTE E NOVE CÉNTIMOS (262.112,29 EUROS) de data 30.05.2018.
- b) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación asinado polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos/Xefe do Servizo de Vías e Obras e o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario, de data 28.08.18, onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- c) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento, Limpeza e Contratación de data 28.08.18.
- d) Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 21.09.2018.
- e) Prego de Prescricións Técnicas para a contratación do subministro de asentos para a grada de Río Baixo no Estadio Municipal de Balaídos, asinado polos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos D. Jerónimo Centrón Castaños e D. Xacobe Paz Salgado e conformado polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario en data 20.11.2018.
- f) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP redactada polo Servizo Xestor, e asinada en data 28.12.2018.
- g) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 28.12.18.
- h) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de contratación en data 28.12.18.

## **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.



## Concello de Vigo

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e os de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.c LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP), así como o seu carácter de contrato mixto de subministro e obra, suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 21 da LCSP. Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

**Cuarto.-** Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP)

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da titular da asesoría xurídica, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación mixto a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do **SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE ASENTOS PARA A GRADA DE RÍO BAIXO NO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS.**

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas para a contratación do subministro de asentos para a grada de Río Baixo no Estadio Municipal de Balaídos, asinado polos Enxeñeiros Municipais de Camiños, Canais e Portos Jerónimo Centrón Castaños e Xacobe Paz Salgado e conformado polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario en data 20.11.2018.

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 04.01.2019.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **“CINCOCENTOS CINCUENTA E DOUS MIL CATROCENTOS SETENTA E SETE EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS”** (552.477,30 €), sendo o importe correspondente ao **IVE de 95.884,49 €.**

O importe do contrato deberá ser de aplicación aos créditos do orzamento do Concello de Vigo do ano 2019 na aplicación orzamentaria 9330.6320010 “Investimentos Mellora E.M. Balaídos.

**Quinto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(100).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “RECUPERACIÓN DE ZONA VERDE SITUADA SOBRE O FALSO TÚNEL DA AP-9 NA PARROQUIA DE CANDEÁN”. EXPTE. 153/441.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 28/01/19, e o informe de fiscalización do 04/02/19, dáse conta do informe-proposta de data 25/01/19, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**1.-** A empresa VILAR MONTORO INGENIERÍA S.L.P., en execución do contrato menor de servizos para a redacción de proxecto de “Recuperación de zona verde situada sobre o falso túnel da AP-9 na parroquia de Candeán” (Expte.9223-446), presenta logo da supervisión do borrador, proxecto de “RECUPERACIÓN DA ZONA VERDE SITUADA SOBRE O FALSO TÚNEL DA AP-9, NA PARROQUIA DE CANDEÁN”, redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas e Enxeñeiro Civil D. Luis Vicente Vilar Montoro, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS TRECE MIL NOVECIENTOS SEIS EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS DE EURO (713.906,49 €) e asinado dixitalmente nas datas 19 e 21 de novembro de 2018.

**2.-** Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 22.11.18, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 23.11.18, a Xunta de Goberno Local en sesión de data 23.11.18 aprobou o proxecto de “RECUPERACIÓN DA ZONA VERDE SITUADA SOBRE O FALSO TÚNEL DA AP-9, NA PARROQUIA DE CANDEÁN”, redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas e Enxeñeiro Civil D. Luis Vicente Vilar Montoro, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS TRECE MIL NOVECIENTOS SEIS EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS DE EURO (713.906,49 €) e asinado dixitalmente nas datas 19 e 21 de novembro de 2018.

**3.-** O orzamento municipal vixente do ano 2019 recolle dentro do programa 1710 “Parques e xardíns” a aplicación orzamentaria 1710.609.00.01 (RECP.Z.VERDE SOBRE FALSO TUNEL DA AP-9 EN CANDEÁN).

**4.-** Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente núm 3784-443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 23.11.18 de cuxa execución se trata. En dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.



## Concello de Vigo

No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 23.11.18 que se corresponde co expediente administrativo 3784-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas e Enxeñeiro Civil D. Luis Vicente Vilar Montoro, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS TRECE MIL NOVECENTOS SEIS EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS DE EURO (713.906,49 €) e asinado dixitalmente nas datas 19 e 21 de novembro de 2018.
- b) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, o Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos/Xefe do Servizo de Vías e Obras e o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario de datas 27 e 28 de novembro de 2018, onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- c) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento, Limpeza e Contratación de data 28.11.18.
- d) Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos de data 29.11.2018.
- e) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 11 de decembro de 2018.
- f) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 14 de decembro de 2018.
- g) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 23 de enero de 2019.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de

valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística e adaptación ao contorno (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 22.11.18), así como o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición adicional 2ª. 4 da LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **“RECUPERACIÓN DE ZONA VERDE SITUADA SOBRE O FALSO TÚNEL DA AP-9 NA PARROQUIA DE CANDEÁN”** redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas e Enxeñeiro Civil D. Luis Vicente Vilar Montoro, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS TRECE MIL NOVECIENTOS SEIS EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS DE EURO (713.906,49 €) e asinado dixitalmente nas datas 19 e 21 de novembro de 2018.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 23.01.2019.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de SETECENTOS TRECE MIL NOVECIENTOS SEIS EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS DE EURO (713.906,49 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 123.901,13 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria orzamentaria 1710.609.00.01 (RECP.Z.VERDE SOBRE FALSO TUNEL DAAP-9 EN CANDEÁN).

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2019: 342.424,75 €

2020: 371.481,74 €

**Cuarto.-** Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que



## Concello de Vigo

aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 108,49%.

**Quinto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **14(101).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS ELEMENTOS MECÁNICOS INTEMPERIE DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 29/441.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 28/01/19, de fiscalización do 04/02/19, dáse conta do informe-proposta de data 25/01/19, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES**

**1º.-** En data 3 de maio de 2018, emítase informe de necesidade e idoneidade asinado pola Técnica de Xestión, a Enxeñeira Industrial e polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, tal e como establece o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE (LCSP).

Neste informe establécese que a obrigatoriedade de contar cos medios necesarios para a realización dos traballos de mantemento preventivo e de reparación de posibles avarías que se produzan o longo do tempo como se establece no artigo 13 do Real Decreto 2291/1985, de 8 de novembro, Regulamento de aparatos de elevación e manutención (RD 2291/1985), e a súas Instrucións Técnicas Complementarias e no Real Decreto 203/2016, de 20 de maio, polo que se establecen os requisitos esenciais de seguridade para a comercialización de ascensores e compoñentes de seguridade para ascensores.

Asemade, apúntase a necesidade de ter en conta que para atender ao servizo de mantemento dos devanditos elementos de mobilidade, faise necesario contar con persoal cualificado profesionalmente (artigo 14 RD 2291/1985 e Instrucións Técnicas Complementarias).

**2º.-** Ao abeiro do devandito informe de necesidade e idoneidade, con data 4 de maio de 2018 o Concelleiro Delegado da Área de Fomento acorda o inicio do expediente de contratación, en uso das competencias que lle atribúe o artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015 e Decreto de Delegación de Alcaldía de 9 de xullo de 2018.

**3º.-** No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinada pola Técnica de Xestión, a Enxeñeira Industrial e polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario de data 3 de maio de 2018.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento de data 4 de maio de 2018.
- c) Prego de Prescricións Técnicas asinado pola Enxeñeira Industrial de data 28 de novembro de 2018.
- d) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP, en cumprimento do artigo 116.4.e) LCSP asinada en data 28 de novembro de 2018 pola Enxeñeira Industrial, o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, e conformada polo 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Contratación e Limpeza na mesma data.
- e) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de contratación de data 3 de decembro de 2018.
- f) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 23 de xaneiro de 2019

## **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ó Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (Disposición Adicional Segunda, apartado 4 LCSP) e, por delegación desta (Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto de conformidade co requirido polo artigo 116.2 LCSP e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen o contrato.

**Terceiro.-** De conformidade co artigo 116 LCSP, o contrato foi iniciado polo órgano de contratación motivando a necesidade segundo o establecido no artigo 28 do devandito texto legal.

**Cuarto.-** O expediente xustifica suficientemente a necesidade e idoneidade do contrato segundo o artigo 28 e 116.4 LCSP; a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran (artigo 116.4.d e 101 LCSP ); a insuficiencia de medios (artigo 116.4.f) LCSP); a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP); así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); a elección do procedemento aberto segundo o establecido no artigo 156 LCSP e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP).





## Concello de Vigo

**Quinto.-** Consta na memoria xustificativa da contratación elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos no artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de que non existe desequilibrio orzamentario e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello.

**Sexto.-** Previa aprobación do expediente, é preceptivo o informe da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional Terceira, apartado 8 da LCSP); así como a incorporación do certificado de retención de crédito de exercicios futuros e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

**Sétimo.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional Segunda, apartado 4 LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o informe da Asesoría Xurídica, o documento contable e o informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte:

### ACORDO

**Primeiro.-** Aprobar o presente expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria, do contrato de servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos intemperie do Concello de Vigo.

**Segundo.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 23 de xaneiro de 2019.

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares redactado e asinado pola Enxeñeira Industrial en data 28 de novembro de 2018.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto por importe máximo de CENTO SETENTA E OITO MIL CINCOCEMOS NOVENTA E SEIS EUROS (178.596,00€), sendo o importe correspondente ao IVE de TRINTA MIL NOVECEMOS NOVENTA E SEIS EUROS (30.996,00€) euros.

O valor estimado do contrato estipúlase en TRESCENTOS VINTE CATRO MIL SETECENTOS VINTE EUROS (324.720,00 €).

Por ter o financiamento carácter de gasto anticipado e plurianual, cargarase á aplicación orzamentaria 1532.227.99.00 "Mantemento e conservación de ascensores en vías públicas", tendo a seguinte distribución por anualidades.

| Anualidades             | Prezos con IVE      | Prezo sen IVE       | IVE                |
|-------------------------|---------------------|---------------------|--------------------|
| 01/04/2019 - 31/12/2019 | 66.973,50 €         | 55.350,00 €         | 11.623,50 €        |
| 01/01/2020 - 31/12/2020 | 89.298,00 €         | 73.800,00 €         | 15.498,00 €        |
| 01/01/2021 - 31/03/2021 | 22.324,50 €         | 18.450,00 €         | 3.874,50 €         |
| <b>TOTAL</b>            | <b>178.596,00 €</b> | <b>147.600,00 €</b> | <b>30.996,00 €</b> |

**Quinto.-** Abrir o procedemento licitador para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(102).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN DO CENTRO DE USOS MÚLTIPLES DA CONCELLERÍA DE XUVENTUDE (EXPTE. 3927-336). EXPTE. 8764/336.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 24/01/19, de fiscalización do 31/01/19, dáse conta do informe-proposta de data 21/01/19, asinado pola xefa de Xuventude, a concelleira-delegada de Área, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES.**

1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **28 de febreiro de 2014**, adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a ATLANTIC PONTE 2000 S.L.U o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión do Centro de Usos Múltiples Vigosónico (expediente 3927-336) .

Como melloras o contratista se compromete a aportar as seguintes:

- A realización de 200 horas de formación impartidas por persoal especializado distinto ao contratado para a xestión dos servizos.
- Incrementar sen custe para o Concello o número mínimo de horas de prestación do servizo fixado na cláusula III.B do prego de prescricións técnicas en 250 horas/anuais.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

2.- Con data vinte de marzo de dous mil catorce foi asinado o contrato entre a mercantil ATLANTIC PONTE 2000 S.L.U cun prazo de execución de catro anos, e dúas prórrogas dun ano cada una, sendo a data de inicio o día 21 de marzo de 2014 ( segundo a cláusula 4 de dito contrato ).

3.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **22 de febreiro de 2018**, adoptou o acordo: de prórrogar o contrato de servizos de xestión do centro de usos múltiples vigosónico. expte. 8559/336, polo periodo dun ano a partires do 21 de marzo de 2018 e ata o 20 de marzo do 2019.



## Concello de Vigo

4.- Esta Xefatura como responsable do citado contrato, fai constar que a empresa ATLANTIC PONTE 2000 S.L.U, cumpriu satisfactoriamente co establecido no mesmo desenvolvendo todas as obrigas e compromisos acordados e sen ningún tipo de incumprimento.

Á vista do exposto e ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente, previo informe da Intervención Xeral, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**“PRIMEIRO.-** Prorrogar por segundo ano o contrato de xestión servizos de xestión do Centro de Usos Múltiples Vigosónico da Concellería de Xuventude, polo período dun ano a partires do 21 de marzo de 2019 e ata o 20 de marzo do 2020, por un importe total de oitenta e sete mil catrocentos trinta e catro euros ( IVE engadido) 87.434 € /ano, cantidade aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local do 14 de xuño do 2018, correspondente á 3ª revisión de prezos do contrato, dos cales 68.004,23 € corresponden ao exercicio 2019 e 19.429,77 € ao exercicio 2020.

**SEGUNDO.-** Aprobar o gasto de oitenta e sete mil catrocentos trinta e catro euros ( IVE engadido ( 87.434 )€, a favor de ATLANTIC PONTE 2000 S.L.U N.I.F. B70232012, con cargo á partida 3370.2279901.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo ao adxudicatario e publicar o mesmo no perfil do contratante do Concello de Vigo”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

**16(103).- PROPOSTA PARA A PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NA CONVOCATORIA DA SECRETARIA DE ESTADO DE UNIVERSIDADES, INVESTIGACIÓN DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN PARA A CONCESIÓN DA DISTINCIÓN “CIDADE DA CIENCIA E A INNOVACIÓN”CORRESPONDENTE AO ANO 2018. EXPTE. 8740/113.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 6/02/19, asinado polo técnico responsable da Modernización e Innovación, o xefe de

Servizo de Administración Electrónica, o xefe da Área de Inversións, o xefe de Servizo Xurídico de Servizos Xerais, e polo concelleiro-delegado de Administración Electrónica que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES:**

Con data 19 de decembro de 2018, o BOE, publica a Resolución de 13 de decembro de 2018, da Secretaría de Estado de Universidades, Investigación, Desenvolvemento e Innovación, pola que se aproba a convocatoria para a concesión da distinción Cidade da Ciencia e a Innovación correspondente ao ano 2018.

O obxecto desta Resolución é convocar a distinción «Cidade da Ciencia e a Innovación», correspondente ao ano 2018 cuxa concesión se realiza mediante o réxime de concorrencia competitiva, conforme aos principios de publicidade, transparencia, igualdade e non discriminación

Nesta convocatoria concederanse até un máximo de 10 distincións por cada unha do tres categorías previstas no artigo 3.1 da Orde CIN/2502/2010, de 17 de setembro, en función da poboación do municipio:

- a) Até 20.000 habitantes.
- b) De 20.001 a 100.000 habitantes.
- c) Máis de 100.000 habitantes.

Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios aqueles concellos que realizasen ou promovido proxectos de innovación nos termos previstos no artigo 7 da Orde CIN/2502/2010, de 17 de setembro.

A efectos desta convocatoria, teranse en conta aqueles proxectos de innovación vixentes no momento de presentar a candidatura e propostos para o período 2019-2021.

Presentación das solicitudes.

O prazo de presentación das solicitudes comezará ao día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial do Estado» e finalizará o 8 de febreiro ás 12:00 horas (hora peninsular).

A presentación da solicitude realizarase mediante a cumplimentación do formulario electrónico dispoñible na sede electrónica do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, e posterior firma do mesmo cun certificado de firma electrónica avanzada (ver vía de acceso e requisitos do certificado no anexo). Unha vez asinada electrónicamente, a solicitude quedará automaticamente rexistrada no Rexistro Electrónico do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades.



## Concello de Vigo

A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación (achegada mediante ficheiros electrónicos en formato PDF e de tamaño non superior a 4 Megabytes, ou na súa falta atendendo ás previsións contidas no Real Decreto 4/2010, de 8 de xaneiro que aproba o Esquema Nacional de Interoperabilidade):

- a) Unha memoria descritiva da candidatura, elaborada conforme ás directrices establecidas no anexo a esta convocatoria. Na mesma deberase incluír unha táboa resumen de proxectos.
- b) A certificación do acordo de participación na convocatoria que adoptase o órgano municipal competente que incluírá a decisión de solicitar a incorporación á Asociación da Rede Impulso (ARINN) en caso de obter a distinción de cidade da ciencia e a innovación. Os estatutos da asociación ARINN pódense consultar na web do órgano convocante na dirección que figura no anexo.
- c) A documentación que acredite a representación que ostenta o asinante da solicitude.

### **II.- PROPOSTA DE PARTICIPACIÓN:**

O Concello de Vigo está a traballar na presentación da candidatura á convocatoria regulada na Resolución de 13 de decembro de 2018, da Secretaría de Estado de Universidades, Investigación, Desenvolvemento e Innovación, pola que se aproba a convocatoria para a concesión da distinción Cidade da Ciencia e a Innovación correspondente ao ano 2018.

En liña con esta convocatoria o Concello de Vigo non é alleo ao ecosistema de innovación na área de Vigo senón que é un actor fundamental, tanto na promoción da innovación, como en crear o clima adecuado na cidade e a súa contorna que sirva de tractor para atraer e favorecer a innovación na cidade.

O concello de Vigo fixo unha aposta decida pola innovación e modernización da cidade tanto para mellorar a calidade de vida dos seus cidadáns como para ofrecer uns servizos e infraestruturas eficientes, sustentables e con visión de futuro.

Este papel de liderado artículase cunha visión global e holística da cidade centrada nos eixos definidos o o seu plan Smart City. Esta estratexia innovadora foi recoñecida en numerosos foros nacionais e internacionais o que lle deu ao Concello de Vigo a oportunidade de compartir a súa experiencia e mellores prácticas.

Ademais o Concello vén desenvolvendo con diferentes empresas e entidades que participan da xestión municipal, diversos contratos e/ou convenio nos cales se establecen diversas actuacións para impulsar e apoiar iniciativas que impulsen a innovación na cidade.

#### a.- Contido xeral da proposta de memoria da candidatura de Vigo:

De acordo cos requisitos da convocatoria, o proxecto deberá contemplar unha memoria descritiva da candidatura, cunha extensión máxima de 50 follas e na mesma deberase incluír unha táboa resumen de proxectos, e a mesma deberá desenvolver os apartado de valoración da convocatoria de acordo coa seguinte estrutura:

1. Segundo o establecido no artigo 7 da Orde CIN/2502/2010, de 17 de setembro, valoraranse, con até 60 puntos, os proxectos vixentes e os novos proxectos que se expoñen para o próximos tres anos (2019-2021), tendo en conta:

a) Bloque cidadanía. Até 20 puntos. Iniciativas innovadoras de prestación dos servizos públicos, melloras ambientais, eficiencia enerxética nos servizos prestados. Implantación da Administración electrónica, libre acceso á información. Innovación adaptada á cidadanía, boas prácticas en comunicación local, exercicio da transparencia informativa, participación dos cidadáns na política municipal.

b) Bloque organización. Até 20 puntos. Accións desenvolvidas que promovan a cultura innovadora nas estruturas municipais; goberno electrónico, libre acceso á información, desenvolvemento de modelos de liderado innovador, inclusión de liñas de acción en innovación nos plans estratéxicos e orzamentos municipais; accións de formación do persoal en innovación, creación de grupos de mellora en innovación e redes virtuais e sociais, plataformas colaborativas.

c) Bloque empresa. Até 20 puntos. Apoio ao tecido empresarial e aos emprendedores. Atendendo en particular á creación de postos de traballo innovadores, creación de empresas innovadoras e capital privado investido en iniciativas innovadoras, e inclusión da innovación empresarial no plan estratéxico da organización. Actuacións para sistematizar a detección de oportunidades e ameazas da contorna (Vixilancia Tecnolóxica, «benchmarking»). Identificación de empresas líderes e axentes de innovación do territorio.

2. Actuacións de fomento da Compra Pública Innovadora como ferramenta tractora do I+D+i. Até 20 puntos.

3. Grao de elaboración e calidade da memoria, credibilidade da candidatura (memoria, documentación, premios, distincións ou mencións, así como apoios recibidos á candidatura por parte doutras organizacións, entidades públicas, empresas, etc.) Até 15 puntos.

4. Finalmente valorarase o esforzo económico realizado en materia de innovación pola candidatura, medido en termos de porcentaxe de orzamento investido en proxectos de innovación, sobre o orzamento total do concello en investimentos, (Capítulo 6 destinado a innovación/Capítulo 6 Total) ambos os valores para 2017. Até 5 puntos.

De acordo coa estrutura de valoración a Memoria a desenvolver polo Concello de Vigo para a presentación da candidatura responderá ó seguinte índice básico:

DATOS DA CIDADE CANDIDATA

MEMORIA

SISTEMA LOCAL DE INNOVACIÓN E PROMOCIÓN EMPRESARIAL

ESTRUTURA DO ECOSISTEMA DE INNOVACIÓN NA ÁREA DE VIGO

PROXECTOS: BLOQUE CIDADANÍA

- Proxecto de Edificios Intelixentes - Red.es



## Concello de Vigo

- Proxecto de Accesibilidade TIC. Estratexia EDUSI
- App móbil global cidade “Vigo” - Sistema operativo Cidade-Cidadanía
- Proxectos de Servizos de Identidade Cidadá. Estratexia EDUSI.
- Servizo tecnolóxico de teleasistencia domiciliaria
- Proxectos europeos de Mobilidade
- Proxecto de Goberno Aberto. Evolución das capacidades da App cidadá “Vigo” e do portal de Datos Abertos. Estratexia EDUSI
- Proxecto de Portal de Mapas e Datos Abertos Xeográficos de Vigo
- Proxecto difusión da Candidatura “Illas Cíes Patrimonio Mundial da Humanidade”.
- Proxecto de sistema integral á xestión de emerxencias do servizo de extinción de incendios
- Actividades educativas de sensibilización ambiental: flora, fauna, ecosistemas e astronomía
- Proxecto de promoción e educación ambiental no Parque das Ciencias Vigozoo: biodiversidade e cambio climático

### PROXECTOS: BLOQUE ORGANIZACIÓN

- Proxecto Plan Integral “Vigo Smart City”
- Plataforma smart city “Vigo Cidade Intelixente VCI+”
- Proxecto de Open Data Cidade
- Proxecto “VCI+ 2.0”. Proxecto de evolución e ampliación de capacidades da plataforma global smart city VCI+. Estratexia EDUSI
- Proxecto de Interconexión Administrativa. Estratexia EDUSI
- Proxecto de Modernización Administrativa. Estratexia EDUSI
- Proxecto de Expediente Económico Dixital. Estratexia EDUSI
- Proxecto de Arquivo Electrónico. Estratexia EDUSI
- Proxecto de innovación: Panel de Control Cidade (PCC+)
- Proxecto de innovación: app smart de xestión Cidade
- Proxecto de innovación: aplicación para a policía Smart Cop
- Proxecto de Portal de Transparencia e Bo Goberno
- Programas de formación municipal
- Proxecto piloto de teletraballo por traballadores municipais
- Proxecto de Portal do empregado público 3.0

- Plataforma de e-learning para a organización municipal
- Programa de formación de seguridade informática
- Actualización da información cartográfica do termo municipal e a súa migración a un modelo de datos SIG municipal
- Xestión Catastral e integración coa plataforma smart city VCI+
- Programa de formación GIS a técnicos do concello

#### PROXECTOS: BLOQUE EMPRESA.

- Promoción da cidade de Vigo en mercados nacionais e internacionais para a atracción, entre outros, do turismo de negocios, eventos e reunións (MICE: Meetings, Incentives, Conventions, Events)
- Proxecto VigoEmprende de Asesoramento a PEMES e emprendedores. Estratexia EDUSI
- Proxecto de convenio de colaboración con Vodafone para un piloto de tecnoloxía 5G innovadora na cidade de Vigo
- Formación en Internet, Tics e certificación dixital a cidadáns e emprendedores
- Proxecto de fomento do emprendimento e a consolidación empresarial a través do traballo colaborativo (Coworking)
- Programa de axuda á creación de empresas
- "Vigo polo emprego dá mocidade II", programa de emprego e formación, orientada ao mercado laboral ,de persoas novas da cidade
- Programas de formación e capacitación persoal Vigo Capacita V
- Creación dun observatorio socioeconómico de Vigo, como ferramenta de uso á investigación, emprendimento e estratexia empresarial
- Programas de formación e capacitación persoal FormaWeb II
- Convenio de capacitación e formación en desenvolver XAVA coa Fundación Telefónica como perfil máis demandado polas empresas.
- Proxecto de formación a emprendedores e difusión da plataforma smart city VCI+ 2.0 e estándar europeo FiWARE

#### ACTUACIÓNS DE FOMENTO DA COMPRA PÚBLICA DE INNOVACIÓN (CPI)

- Planificación de Compra Pública Innovadora
- Accións de formación e difusión de compra pública innovadora

#### APOIOS, PREMIOS E DISTINCIÓNS





## Concello de Vigo

PREMIOS E DISTINCIÓNS

OUTROS RECOÑECIMENTOS

APOIOS Á CANDIDATURA

ESFORZO ECONÓMICO ORZAMENTARIO

TÁBOA RESUMEN DE PROXECTOS

Polo exposto a Memoria a presentar responde ós requisitos da convocatoria e a mesma deberá ser presentada mediante a cumplimentación do formulario electrónico dispoñible na sede electrónica do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, na cal se deberá acreditar á correspondente autorización do órgano municipal competente que incluírá a decisión de solicitar a incorporación á Asociación da Rede Impulso (ARINN) en caso de obter a distinción de cidade da ciencia e a innovación.

En base a todo ou exposto, a presente memoria desenvolve todos os fundamentos da memoria da candidatura do Concello de Vigo para poder presentarse a convocatoria para a concesión da distinción Cidade da Ciencia e a Innovación correspondente ao ano 2018, convocada pola Secretaría de Estado de Universidades, Investigación, Desenvolvemento e Innovación.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

Os acordos e a execución do presente acordo non conleva obrigas presupostarias de ningún tipo para o Concello de Vigo

PROPOSTA :

Primeiro: Aprobar a participación do Concello de Vigo na convocatoria para a concesión da distinción Cidade da Ciencia e a Innovación correspondente ao ano 2018, convocada pola Secretaría de Estado de Universidades, Investigación, Desenvolvemento e Innovación, de acordo coa Resolución de 13 de decembro de 2018 publicada no BOE de data 19 de decembro de 2018.

Segundo: Aprobar a solicitude de incorporación do Concello de Vigo na Asociación da Rede Impulso (ARINN) en caso de obter a distinción de cidade da ciencia e a innovación.

Terceiro: Nomear ao Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado dá Área de Fomento e Administración Electrónica D. Francisco Javier Pardo Espiñeira como responsable do Concello de Vigo os efectos da coordinación dos traballos entre os distintos servizos municipais para a redacción e contidos final da memoria a presentar de acordo coas características do proxecto definidas na parte expositiva da proposta, así como da presentación de Memoria en nome do Concello de Vigo e a cumplimentación do formulario electrónico dispoñible na sede electrónica do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, e posterior firma do mesmo.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **17(104).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e cincuenta minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez